



## 3.1. CEREALIS E OUTROS CULTIVOS HERBÁCEOS

### 3.1.1. MARCO COMUNITARIO DE APOIO AO SECTOR

Co réxime de apoio a este sector trátase de garantir o nivel de renda aos produtores de determinados cultivos herbáceos mediante uns pagamentos por superficie ligados a determinadas producións, na forma dunha axuda por hectárea. Inclúense as producións de cereais, oleaxinosas (xirasol, soia, colza) e proteaxinosas (chícharos, faballóns e tremoceiros doces).

No caso dos cereais, oleaxinosas e proteaxinosas, como elementos básicos da regulación establécese:

- a) Un plan de rexionalización produtiva no que están fixados, para cada rexión de produción, os rendementos en toneladas por hectárea que serven de base para o cálculo dos pagamentos por superficie.
- b) Unhas superficies de base que limitan as superficies por Estado membro para as que se conceden pagamentos por superficie e que, á súa vez, no Estado están distribuídas entre as Comunidades Autónomas.

Existen as seguintes axudas con repercusión na Comunidade Autónoma de Galicia:

- Pagamentos por superficie de cultivos herbáceos (cereais, oleaxinosas e proteaxinosas).
- Prima específica ás proteaxinosas.
- Axuda á utilización de amidón e fécula de patata.

### 3.1.2. RESUMO DAS NORMAS APLICABLES NA CAMPAÑA 2008-2009

#### a) Réxime de pagamentos por superficie ligados á produción

No plan de rexionalización produtiva de Galicia contéplanse, segundo as comarcas, tres rendementos en secaño: 3,2, 3,7 e 4,1 toneladas por hectárea.

No caso do millo regadío o rendimento aplicable é de 5,5 toneladas por hectárea na totalidade da Comunidade Autónoma.

As superficies de base para a campaña son as seguintes para Galicia e o total do Estado:

	Superficie (Ha)		G/E %
	Galicia	España	
<b>Secaño</b>	75.249	7.256.617	1,03
<b>Regadío (total)</b>	2.000	1.318.169	0,15
<b>Millo regadío</b>	498	379.325	0,13

Cadro 3.1  
Superficies de base

Coa introdución do pagamento único no Estado en 2006, e tendo en conta que o Estado optou por ligar á produción destes cultivos o máximo permitido, o 25% do importe básico da axuda anterior, o importe básico actual pode ser de até 15,75 euros/ton, que foi a cantidade efectivamente pagada na campaña 2008 (a contía exacta determínase cada ano en función dos límites orzamentarios establecidos para o Estado e as solicitudes recibidas, de acordo co artigo 66 do Regulamento (CE) 1782/2003, do Consello). O importe do pagamento por hectárea é o resultado de multiplicar o importe básico polo rendimento que hai que aplicar en cada rexión de produción, polo que as axudas variaron de 50,4 a 86,63 euros/hectárea.

No caso das proteaxinosas existe unha prima específica adicional de 55,57 euros/ha, independentemente do rendimento da rexión.

Os produtores que soliciten pagamentos ligados por superficies de cereais, oleaxinosas e proteaxinosas poden retirar voluntariamente da produción unha porcentaxe da superficie pola que solicitan pagamentos para eses cultivos. A porcentaxe de retirada voluntaria de terras na campaña 2008/2009 foi do 10%.

As superficies retiradas voluntariamente da produción benefíciense tamén do pagamento ligado sempre que cumpran as condicións de período mínimo, tamaño e prácticas culturais esixidas. Esas parcelas permiten xustificar simultaneamente dereitos normais para o pagamento único, pero na campaña 2008 non foron admisibles para xustificar os dereitos de retirada.

### 3.1.3. RESULTADOS DA XESTIÓN

#### 3.1.3.1. Pagamentos ligados por superficies e declaración de superficies forraxeiras

A xestión destes pagamentos realizouse no marco do Regulamento 1782/2003, do 29 de setembro, do Consello, que inclúe un sistema integrado de xestión e control de determinados réximes de axuda comunitarios, e de acordo coa convocatoria de axudas da Orde do 31 de xaneiro de 2008 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable, no ano 2008. Aínda que no caso de herbáceos a xestión corresponde á campaña de comercialización 2008/2009, para simplificar en diante indicárase campaña 2008.

Para a presentación das solicitudes contouse coa colaboración de entidades colaboradoras, de acordo co indicado no punto 2.3.2 (cadro 2.13) desta memoria, no prazo do 1 de febreiro ao 30 de abril de 2008. Nas solicitudes de axuda por superficie decláranse todas as parcelas da explotación coas súas referencias SIXPAC.

Previamente á apertura do prazo de presentación das solicitudes, remitíuselles aos produtores unha carta persoal informativa que incluía, entre outra información, os recintos SIXPAC correspondentes ás referencias catastrais das parcelas declaradas na campaña 2007 para facilitarlles a solicitude no ano 2008, a documentación complementaria necesaria e a relación de entidades colaboradoras na tramitación.

Durante o período de solicitude os produtores diríxense ás oficinas das entidades colaboradoras para preparar as solicitudes, logo remítiles ao rexistro telemático da Xunta de Galicia e, finalmente, imprimir unha copia completa da solicitude xa rexistrada para o produtor e as follas resumo da solicitude e da documentación necesaria. O produtor deberá presentar estas últimas follas resumo na Oficina Agraria Comarcal da súa zona xunto coa copia da documentación correspondente en cada caso.

No cadro 3.2 resúmense, por provincias, os expedientes con axudas por superficies e declaración de superficies forraxeiras recibidas en 2008, indicando recintos/parcelas e superficies.

Cadro 3.2  
Solicitudes de axudas por superficies e declaración de superficies forraxeiras. Campaña 2008

Provincia	Expediente	Recintos/ parcelas	Superficie (Hectáreas)		
			Total	Ha/ Expediente	Ha/ Recinto
<b>A Coruña</b>	15.121	401.853	152.663,67	10,09	0,38
<b>Lugo</b>	14.862	712.882	270.836,96	18,22	0,38
<b>Ourense</b>	6.154	285.888	88.738,65	14,42	0,31
<b>Pontevedra</b>	5.198	222.966	56.302,56	10,83	0,25
<b>Galicia</b>	41.335	1.623.589	568.541,84	13,39	0,33

Tanto a recepción das solicitudes como o resto da xestión realizouse de acordo co Manual de Procedemento establecido pola Dirección do Fogga.

### > Plans de control

No marco do plan nacional de controis de axudas por superficie redactado polo FEGA, o Fogga estableceu o plan de controis administrativos e sobre o terreo das axudas directas da PAC baseadas en superficies e da Indemnización Compensatoria na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008. O control administrativo inclúe, entre outros aspectos, o cruzamento das parcelas declaradas e superficies entre si e cos datos existentes no SIXPAC, co fin de asegurar que a referencia identificativa existe e que para unha mesma superficie non se concede máis dunha axuda.

Como consecuencia destes cruzamentos remitíronse, no ano 2008, 6.997 comunicacións a produtores coa finalidade de que puidesen xustificar, se era o caso, o motivo das incoherencias rexistradas. Este número de comunicacións significou un incremento do 12,5% respecto ás habidas no ano 2007 polo mesmo motivo, redución que foi debida fundamentalmente á utilización por vez primeira dunha aplicación web para a recollida de solicitudes traballando directamente contra os datos oficiais do SIXPAC, o que eliminou todas as incidencias relativas a incoherencias da declaración de cada agricultor con eses datos oficiais que eran independentes da declaración doutros agricultores.

Por outra banda, en función dos resultados dos controis de anos anteriores e do número de solicitudes recibidas en 2008, realizouse o control sobre o terreo de 3.003 produtores e 68 montes veciñais ou superficies forraxeiras de uso común, segundo se resume nos cadros 3.3 e 3.4, a fin de verificar que os cultivos e aproveitamentos e as superficies declaradas correspondían coas efectivamente existentes.

Provincia	Número de explotacións	Cadro 3.3 Explotacións con axudas por superficies inspeccionadas en 2008
A Coruña	1.038	
Lugo	1.125	
Ourense	424	
Pontevedra	416	
Galicia	3.003	

Provincia	Montes veciñais	Cadro 3.4 Superficies forraxeiras de uso común inspeccionadas en 2008
A Coruña	5	
Lugo	28	
Ourense	29	
Pontevedra	6	
Galicia	68	

Para esta finalidade utilizouse a información das solicitudes, a información alfanumérica e gráfica correspondente ao SIXPAC e aplicacións informáticas para a xestión da información e a elaboración de planos a utilizar nas visitas ao campo, para a realización de informes e actas de control cos resultados destes.

Contouse para este traballo, por unha parte, coa colaboración do Sistema de Información Territorial de Galicia (SITGA), de acordo coa encomenda de xestión asinada para ese efecto entre o Fogga e a Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, e, por outra, coa de tres empresas de servizos contratadas, mediante o correspondente concurso, nas catro provincias de Galicia.

#### > Superficies validadas e axudas

Despois de incorporar os resultados dos controis ás bases de datos, as superficies de cultivos herbáceos que se validaron para os efectos de percibir as axudas por cultivos herbáceos ascenderon a 73.847,66 has de secaño e 295,92 has de regadío (cadro 3.5).

Cadro 3.5  
Grupos de cultivo e superficies validadas en axudas ligadas. Campaña 2008

	Secaño	Regadío	Total
<b>Millo</b>	55.118,68	295,12	55.413,80
<b>Outros cereais</b>	18.675,42	0,80	18.676,22
<b>Retirada voluntaria</b>	13,36	0,00	13,36
<b>Outros produtos</b>	40,20	0,00	40,20
<b>Total</b>	73.847,66	295,92	74.143,58

Na campaña 2008 a Comisión Europea permitiu, con carácter excepcional e debido á escaseza de oferta nos mercados nese ano, o cultivo de cereal en terras utilizadas para xustificar dereitos de retirada. Como consecuencia desta autorización, no conxunto do Estado produciuse un sobrepasamento do 7,58% da superficie de base solicitada para cultivos herbáceos de secaño, polo que foi preciso verificar que comunidades autónomas foron as que superaron as súas subsuperficies de base.

No caso de Galicia, se ben a superficie total pola que se solicitou o pagamento a cultivos herbáceos de secaño foi de 73.847,66 ha, de acordo coa interpretación feita polo FEGA da normativa reguladora destas axudas, foi preciso contabilizar tamén para o cálculo deste sobrepasamento 7.036 ha declaradas como superficie de cultivo de cereal de secaño con destino forraxeiro e polas que non se solicitaron pagamentos. Deste xeito en Galicia foi preciso aplicar un coeficiente redutor do 0,9484 á superficie declarada para cultivos herbáceos de secaño.

Por outra banda, a superficie de millo en regadío ascendeu a 295,92 has, que non superan a superficie de base de Galicia, que é de 498 has, polo que non houbo necesidade de lles reducir as axudas aos produtores.

A maior parte da superficie de cultivos herbáceos que percibe axudas ligadas en Galicia corresponde a millo en secaño, 55.118,68 has, o que supón un 72,9% do total; a outros cereais en secaño dedícanse 18.675,42 has (25,1%) e o resto a outros cultivos.

Por outro lado, a percepción do pago único, así como a prima adicional a vacas nutrices, tamén está relacionada coa utilización de superficies forraxeiras, ben mediante pastoreo ou sega ou por aproveitamento mixto.

No cadro 3.6 resúmense os produtores que declararon superficies forraxeiras en cada provincia e as superficies forraxeiras validadas a estes. O maior número de produtores correspóndelle a Lugo, 14.540 (37,63% do total de Galicia), case igual que na Coruña, e a maior parte da superficie corresponde tamén a Lugo (236.263,35 has, o 52,57% da de Galicia). Neste cadro inclúese tamén a superficie forraxeira que non é de uso exclusivo dun produtor senón que se trata de montes veciñais ou outras superficies que se utilizan en común por varios gandeiros e, para efectos de axuda, un produtor declara a parte proporcional que lle corresponde.

Provincia	Produtores	Superficie (Ha)
<b>A Coruña</b>	14.173	104.443,29
<b>Lugo</b>	14.540	236.263,35
<b>Ourense</b>	5.160	64.886,92
<b>Pontevedra</b>	4.764	43.797,25
<b>Galicia</b>	38.637	449.390,81

Cadro 3.6  
Produtores e superficies forraxeiras validadas por provincias. Campaña 2008

No cadro 3.7 resúmese, por provincias, a superficie forraxeira de uso en común validada, que foi declarada por produtores, que ascende a 55.288,24 hectáreas en toda a Comunidade Autónoma e equivale ao 12,30% do total da superficie forraxeira validada. Un 84,96% desa superficie corresponde a pasto arbustivo ou pasto con arboredo e un 15,04% a prados e praderías; un 41,12% da superficie forraxeira de uso común está na provincia de Lugo e un 29,74% na de Ourense.

Para a declaración polos produtores das superficies de uso común é necesario que os responsables da xestión desa superficies (presidentes das comunidades de montes veciñais en man común e similares) emitan certificados a cada gandeiro relativos á superficie e usos que, proporcionalmente, lle corresponden en relación co resto dos gandeiros. Ademais, o responsable debe declarar as parcelas, superficie e tipo de pasto que se están a utilizar en común.

Cadro 3.7  
Superficies forraxeiras (has) de uso común, validadas, declaradas polos produtores, por provincias. Campaña 2008

Provincia	Prados ou praderías	Pasto arbustivo ou con arboreado	Total Superficie
<b>A Coruña</b>	441,76	4.804,85	5.246,61
<b>Lugo</b>	7.356,86	19.137,11	26.496,97
<b>Ourense</b>	364,53	13.971,39	14.335,92
<b>Pontevedra</b>	149,40	9.059,34	9.208,74
<b>Galicia</b>	8.315,55	46.972,69	55.288,24

No cadro 3.8 resúmense as superficies forraxeiras de uso común (montes) validadas en cada provincia, segundo o tipo de pasto, entre as declaradas por 1.012 responsables destas en Galicia.

Cadro 3.8  
Superficies forraxeiras de uso común (has), validadas, declaradas polos responsables dos montes, por provincias. Campaña 2008

Provincia	Número de montes	Prados ou praderías	Pasto arbustivo ou con arboreado	Total superficie
<b>A Coruña</b>	37	595,72	7.695,39	8.291,11
<b>Lugo</b>	506	8.463,67	30.723,67	39.187,34
<b>Ourense</b>	349	888,11	88.088,01	88.976,12
<b>Pontevedra</b>	120	185,96	24.651,98	24.837,94
<b>Galicia</b>	1.012	10.133,46	151.159,05	161.292,51

As axudas por superficies de cultivos herbáceos pagadas correspondentes á campaña 2008 resúmense no cadro 3.9 por provincias, indicando o número de produtores, a superficie e o importe pagado. O total de axudas ascendeu a 3.562.615,63 euros o que significa 142,31 euros por produtor para unha superficie media de 2,77 has por explotación.


Cadro 3.9  
Produtores, superficies e axudas ligadas, de cultivos herbáceos pagados segundo provincias. Campaña 2008

Provincia	Produtores	Superficie (ha)	Axuda (€)
<b>A Coruña</b>	12.009	32.535,24	1.801.156,22
<b>Lugo</b>	5.303	14.784,69	783.359,70
<b>Ourense</b>	4.427	13.383,68	713.574,91
<b>Pontevedra</b>	3.296	4.552,20	264.524,80
<b>Galicia</b>	25.035	69.255,30	3.562.615,63

O cálculo dos importes está condicionado en cada campaña polo valor que toman determinados coeficientes establecidos na normativa. En 2008 a “modulación” das axudas significou un 5% de redución en todos os pagamentos e, ademais, o sobrepasamento no Estado do límite presupuestario para as axudas aos cultivos herbáceos motivou a aplicación a nivel estatal e, consecuentemente tamén en Galicia, dun coeficiente reductor do 0,96461.



No mapa 3 indícase a distribución por concellos da axuda por superficies pagada no ano 2008, podéndose observar que en 2 concellos o conxunto de agricultores perciben máis de 100.000 euros, mentres que existen 29 concellos nos que non se ten percibido ningunha axuda deste tipo en 2008.



Mapa 3  
Distribución por concellos do pagamento ligado á superficie de cultivos herbáceos. Pagamentos realizados polo FOGGA do 01.01.2008 ao 31.12.2008

SUPERFICIES  
(Rangos en 1.000€)

0	(29)
Entre 0 e 1	(87)
Entre 1 e 10	(109)
Entre 10 e 100	(88)
Máis de 100	(2)

Ademais das superficies detalladas neste apartado con anterioridade, as declaracións de superficies para as axudas directas da PAC na campaña 2008 incluíron outras superficies complementarias, que figuran no cadro 3.10, válidas só para percibir o pagamento único (cereal cultivado en recintos SIXPAC non elixibles para a axuda ligada, retirada obrigatoria de terras e barbeito) ou ben parcelas con produtos non subvencionables e declaradas exclusivamente para efectos do control da condicionalidade e da compatibilidade entre axudas.

Cadro 3.10  
Outras superficies declaradas.  
Campaña 2008

Utilización	Superficie (Ha)
<b>Cereal sen axuda ligada</b>	603,19
<b>Retirada obrigatoria de terras</b>	12,62
<b>Barbeito</b>	1.441,74
<b>Forestación de terras agrarias</b>	759,64
<b>Forraxes desecadas</b>	112,45
<b>Outras utilización</b>	37.006,10
<b>Total</b>	39.935,65

#### > Comparación dos pagamentos por cultivos herbáceos en relación coa campaña 2007

En relación coa xestión da campaña anterior cabe destacar os seguintes datos:

- Diminución do 5,09% da superficie obxecto de subvención.
- Diminución do 8,37% do número de produtores que solicitaron axudas por superficie.
- Diminución do 0,82% da superficie forraxeira declarada.
- Diminución do 2,11% do número de declaracións de superficie forraxeira.
- Diminución do 11,2 % no importe das axudas pagadas como consecuencia da diminución da superficie obxecto de subvención, mais da aplicación dos coeficientes de axuste da superficie de cereal seco solicitada á superficie de base nacional e do axuste orzamentario.

#### > Evolución das axudas ligadas por superficie no período 1995-2008

No cadro 3.11 indícase a evolución do número de produtores e superficies solicitadas e primadas no período 1995-2008 en Galicia. Ao longo dese período mantense a tendencia a diminuír o número de produtores e a aumentar a superficie solicitada e primada até o ano 2004. Nos tres últimos anos iniciase unha diminución de superficie, máis importante desde 2006 polo feito de desligar as axudas da produción.

Campaña	Solicitudes	Hectáreas solicitadas	Hectáreas pagadas	Ha Pag./ Ha Solic. (%)
1995	39.516	65.949,77	65.794,39	99,8
1996	40.481	67.982,00	65.730,38	96,7
1997	39.743	68.793,22	65.095,63	94,6
1998	39.967	73.427,76	71.553,93	97,4
1999	39.473	74.203,64	71.437,96	96,3
2000	38.063	72.245,03	71.817,15	99,4
2001	36.886	74.385,24	73.529,53	98,8
2002	36.177	80.279,21	79.570,72	99,1
2003	35.644	82.935,76	81.994,53	98,9
2004	34.216	84.370,36	83.413,11	98,9
2005	32.066	83.946,13	81.157,47	96,7
2006	29.879	76.425,98	74.906,19	98,0
2007	27.321	72.130,81	71.215,28	98,7
2008	25.035	69.411,71	65.255,81	93,9

Cadro 3.11  
Evolución das axudas ligadas: produtores e superficies por campaña. Galicia 1994-2008

No total do período a diminución de produtores foi do 36,65% e a redución de superficie pagada do 0,9%.


Resúmese no cadro 3.12 e no gráfico 3.1 a evolución de produtores e importes pagados nas axudas por superficies en Galicia no período 1999-2008. O importe anual das axudas ligadas pagadas pasou de 8.173.322,57 euros en 1995 a 18.451.354,38 euros no ano 2005, o que supón un incremento do 125,75%, debido ao incremento de superficie solicitada, aumento dos rendementos en toneladas por hectárea considerados en cada zona de Galicia e do importe de axuda unitaria en euros/tonelada derivados da Axenda 2000.

A diminución dos pagamentos dende o ano 2006 débese fundamentalmente ao inicio do pagamento único nese ano, que supuxo que só permanecera ligada aos cultivos herbáceos o 25% da axuda existente nas campañas anteriores ao que hai que engadir en 2008 a aplicación dos coeficientes de axuste da superficie solicitada en secaño á superficie de base nacional.

Cadro 3.12  
Evolución de produtores e importes de axudas ligadas por superficies. Galicia 1995-2008

Campaña	Solicitantes	Importe das axudas (€)	Sup./solicitante	Euros/solicitante
1995	39.516	8.173.322,57	1,7	206,8
1996	40.481	8.005.668,22	1,6	197,8
1997	39.743	12.335.947,95	1,6	310,4
1998	39.967	13.786.976,93	1,8	345,0
1999	39.473	13.601.689,75	1,8	344,6
2000	38.063	15.925.818,80	1,9	418,4
2001	36.886	17.524.042,53	2,0	475,1
2002	36.177	18.977.732,66	2,2	524,6
2003	35.644	19.528.572,89	2,3	547,9
2004	34.216	19.826.639,46	2,5	579,5
2005	32.066	18.451.354,38	2,6	575,4
2006	29.879	4.327.235,00	2,5	144,82
2007	27.321	4.009.287,12	2,6	146,75
2008	25.035	3.562.615,63	2,7	142,35

Gráfico 3.1  
Evolución de produtores e axudas por superficies pagadas por campaña. Galicia 1995-2008



## 3.2. VIÑOS E ALCOIS

### 3.2.1. MARCO COMUNITARIO DE APOIO AO SECTOR

O réxime de intervención no mercado realízase a través das seguintes actuacións:

**a)** Destilacións obrigatorias para a mellora da calidade dos viños, con axuda á destilación ou compra do alcol ofertado ao FEGA.

1. Destilación dos subprodutos (prestacións vínicas) (art. 27 Regulamento 1493/1999).

2. Destilación de viños procedentes de uvas de dobre uso (art. 28 Regulamento 1493/1999).

**b)** Destilacións voluntarias de viños de mesa e de viños aptos para a obtención destes, cos obxectivos e axudas seguintes:

1. Destilación de apoio ao mercado vitivinícola, para facilitar o subministro de alcol de boca. Recíbese unha axuda á destilación, non podéndose ofertar o alcol ao FEGA (art. 29 Regulamento 1493/99).

2. Destilación de crise, para a eliminación de excedentes, que afecta ás categorías de viños e zonas de produción establecidas no Regulamento de apertura. O único importe a percibir establécese en concepto de prezo de compra do alcol entregado ao FEGA (art. 30 Regulamento 1493/99).

**c)** Outras medidas con dereito a axuda: transformación de uva, mosto e mosto concentrado en zumes de uva.

1. Utilización de mostos para o aumento do grao alcólico.

2. Almacenamento privado de alcois obtidos na destilación prevista para a subministración de alcol de boca.

En Galicia teñen incidencia as actuacións relativas á destilación obrigatoria de subprodutos da vinificación (art. 27 do Regulamento 1493/1999) e a destilación voluntaria de apoio ao mercado (art. 29 do Regulamento 1493/1999).

### 3.2.2. RESULTADOS DA XESTIÓN

No marco do Regulamento 1493/1999 do Consello, de 17 de maio de 1999, polo que se establece a regulación común do mercado vitícola, xestionáronse en Galicia axudas para a destilación de 11.786,098 toneladas de bagazo, fundamentalmente para a obtención de alcol bruto cun grao alcólico mínimo de 52% en volume (Cadro 3-13) e para a destilación de 1.212,34 hectolitros de viño para a obtención do mesmo tipo de alcol (Cadro 3-14).

Cadro 3.13  
Axudas á destilación obrigatoria de subprodutos de vinificación. Distribución provincial no 2008

Provincia	Número de expedientes	Toneladas	Axuda (€)
<b>A Coruña</b>	12	11.529,097	70.194,18
<b>Lugo</b>	0	0,000	0,00
<b>Ourense</b>	9	257,001	3.142,16
<b>Pontevedra</b>	0	0,000	0,00
<b>Total</b>	21	11.786,098	73.336,34

En comparación co ano 2007, o importe desta axuda aumentou nun 4,50%.

Cadro 3.14  
Axudas á destilación voluntaria de viños de mesa. Distribución provincial no 2008

Provincia	Número de expedientes	Hectolitros	Axuda (€)
<b>A Coruña</b>	1	1.212,34	25.698,99
<b>Lugo</b>	0	0,00	0,00
<b>Ourense</b>	0	0,00	0,00
<b>Pontevedra</b>	0	0,00	0,00
<b>Total</b>	1	1.212,34	25.698,99

En comparación co ano 2007 o importe da axuda á destilación voluntaria diminuíu nun 44,25%, pasando de 46.100,01 euros a 25.698,99 euros.

### 3.3. HORTOFRUTÍCOLA

#### 3.3.1. MARCO COMUNITARIO DE APOIO AO MERCADO

O Regulamento (CE) nº 1580/2007 da Comisión, de 21 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación dos Regulamentos (CE) nº 2200/1996, (CE) nº 2201/1996 e (CE) nº 1182/2007 do Consello no sector das froitas e hortalizas establece, dentro dos programas operativos, accións de xestión de crise entre as que se atopan a distribución gratuita das retiradas de froitas e hortalizas.

As actuacións neste sector realízanse a través das Organizacións de Produtores de Froitas e Hortalizas. Estas organizacións, no relativo a produtos transformados de cítricos, tomate, melocotón e pera que se destinen a transformacións industriais, reciben unha axuda comunitaria á transformación, polo que quedan os prezos de venda libres entre a industria e a organización.

No relativo ao sector de produtos frescos, as intervencións fican reducidas ás retiradas de produtos do mercado cunha indemnización comunitaria por retirada que perciben as Organizacións de Produtores. O destino destes produtos pode ser a biodegradación ou abono orgánico, a alimentación do gando en fresco ou a distribución gratuíta a entidades benéficas.

En Galicia non existen organizacións de produtores recoñecidas, pero entidades benéficas con domicilio na Comunidade Autónoma beneficianse da distribución de froitas obxecto de retirada do mercado.

O Fogga proponlle ao FEGA os centros benéficos receptores destes produtos e efectúa os controis da recepción, nestes centros, de froitas procedentes de organizacións de produtores doutras Comunidades Autónomas. Os centros benéficos propostos polo Fogga asinan convenios de colaboración coas diferentes organizacións de España, a través das que se reciben os diferentes produtos.

### 3.3.2. RESULTADOS DA XESTIÓN

Da distribución gratuíta de froitas procedentes de retiradas do mercado beneficiáronse en Galicia 189 entidades no ano 2008, segundo se indica no cadro 3.15:

Provincia	Entidades benéficas (número)	Controis realizados (número)
A Coruña	80	3
Lugo	21	18
Ourense	21	0
Pontevedra	67	10
Galicia	189	31

Cadro 3.15  
Distribución gratuíta de froitas. Resumo provincial de entidades e controis. Ano 2008

A verificación da recepción e utilización das froitas realizouna o Fogga mediante 31 controis nas entidades benéficas. No cadro 3.16 indícanse os tipos de produtos distribuídos e as cantidades, que nun 60,60% corresponden a outras froitas (nectarinas, melocotóns, sandías e ameixas), e a distribución provincial, na que lle corresponde á provincia de Pontevedra o 57,32%.

Cadro 3.16  
Distribución gratuita de  
froitas. Resumo provincial de  
produtos distribuídos. Ano  
2008

Provincia	Tipo de produto (Kg)				Total
	Cítricos	Mazás	Peras	Outras froitas	
<b>A Coruña</b>	64.872	10.761	10.526	1.180	87.339
<b>Lugo</b>	0	1.904	9.310	43.940	55.154
<b>Ourense</b>	0	1.104	0	24.420	25.524
<b>Pontevedra</b>	0	46.368	38.171	169.002	225.641
<b>Galicia</b>	64.872	60.137	58.007	238.542	393.658

En relación coa xestión no ano 2007, é necesario salientar que o número de entidades benéficas beneficiarias incrementouse de 151 a 189 (21,02%), a cantidade de produtos distribuídos pasou de 1.276.522 a 393.658 kilogramos, diminuindo nun 69,17%, e os controis realizados pasaron de 1.640 a 31, diminuindo nun 98,11%.

O considerable descenso de controis respecto aos realizados no ano anterior explícase polo feito de que o Regulamento (CE) nº 1580/2007 reduce o seu número.

Neste mesmo Regulamento establécese que as organizacións de produtores de froitas e hortalizas deben dispoñer dun programa operativo. Mentres estes programas non se puxeron en marcha, non houbo distribución gratuita de froitas. Este feito explica o considerable descenso de produtos distribuídos.





# ACTUACIONES EN PRODUCCIÓN GANDEIRAS

A reforma da PAC aplicada a partir de 2006 no Estado suprimiu determinadas axudas, como a prima especial a produtores de gando vacún, a prima por extensificación e a prima láctea, que se integran totalmente no Réxime de Pagamento Único (RPU). Non obstante, para a percepción de determinadas axudas na súa totalidade, como as relativas a cultivos herbáceos, ovino-cabrún, vacas nutrices ou prima por sacrificio de vacún, en Galicia é necesario manter a actividade produtiva correspondente.

Por outra banda, introducíronse axudas novas para a mellora da calidade das producións ou para a conservación e mellora do medio ambiente (art. 69 do Regulamento 1782/2003): o pagamento adicional do sector lácteo, o pagamento a produtores de vacún de calidade e o pagamento adicional a gandeiros con vacas nutrices.

## 4.1. CARNE DE VACÚN

### 4.1.1. MARCO COMUNITARIO DE APOIO AO SECTOR

Anteriormente á reforma da PAC que se comezou a aplicar en 2006, polo tanto até a campaña 2005, estaban establecidas as seguintes axudas ligadas á produción:

- Prima á vaca nutriz, que incluía ademais a prima nacional complementaria e a prima por extensificación a determinados produtores.
- Prima especial de bovino macho, que incluía ademais a prima por extensificación a determinados produtores.
- Prima por sacrificio para bovinos “tipo adulto” de 8 ou máis meses e para bovinos “tipo tenreiro” de 1 a 8 meses.
- Pagamentos adicionais en forma de pagamentos por cabeza de gando e que non poden superar o importe de 100 euros/cabeza.

Despois da reforma da PAC, e polo tanto desde a campaña de solicitudes do ano 2006, mantéñense ligadas á produción as seguintes axudas:

- Prima á vaca nutriz, que inclúe ademais a prima nacional complementaria.
- Prima por sacrificio para bovinos “tipo adulto” de 8 ou máis meses e para bovinos “tipo tenreiro” de 1 a 8 meses.

Coa entrada en vigor do Regulamento (CE) nº 1234/2007 do Consello, de 22 de outubro de 2007 polo que se crea unha organización en común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM), se determina que a carne de vacún pode ser obxecto de intervención a un prezo que será fixado pola Comisión mediante licitación, e que tamén poderá ser obxecto de axuda facultativa para almacenamento privado, ou mesmo de medidas especiais de intervención mediante apoio ao mercado por restricións no comercio derivadas da aplicación de medidas para loitar contra a propagación de enfermidades ou por perda da confianza dos consumidores por riscos para a saúde pública ou a sanidade animal.

#### **4.1.2. RESUMO DAS NORMAS APLICABLES ÁS AXUDAS DIRECTAS EN 2008**

As actuacións en relación coas axudas directas a produtores de carne de vacún realizáronse no marco da normativa comunitaria, estatal e autonómica indicada no punto 2.2 desta Memoria.

##### **4.1.2.1. Axudas ligadas á produción**

###### **a) Prima por vaca nutriz**

Nesta prima durante a primeira metade do ano 2008 xestionouse o pagamento das solicitudes presentadas en 2007.

Para poder beneficiarse da prima os produtores teñen que ser titulares de dereitos individuais á mesma. Concédese-lles aos produtores que manteñan un rabaño de vacas nutrices para a cría de xatos e que non vendan leite ou que, no caso de vendelo, a súa cantidade de referencia individual (cota láctea) dispoñible a 31 de marzo sexa inferior ou igual a 120.000 kg.

Así mesmo, os citados produtores deben asumir unha serie de compromisos, entre os que se atopa a obriga de manter na súa explotación, durante un mínimo de seis meses consecutivos a partir do día seguinte ao da presentación da solicitude, un número de vacas nutrices polo menos igual ao 60% do número total de vacas e xovencas polo que se solicita a axuda, e un número de xovencas que sexa igual ou inferior ao 40% do total.

Os beneficiarios da prima por vaca nutriz obteñen unha prima complementaria para idéntico número de cabezas. Este importe é financiado polo FEAGA naquelas explotacións localizadas en rexións, como Galicia, que son Obxectivo 1 (actualmente Obxectivo Convergencia).

**b) Prima por sacrificio de vacún**

Os produtores de gando vacún poden solicitar a prima por sacrificio cando os seus animais se sacrifiquen no interior da Unión Europea ou se exporten vivos a un terceiro país. Son subvencionables os bovinos que na data de sacrificio:

- Teñan polo menos oito meses de idade (prima polo sacrificio de bovinos adultos).
- Teñan máis dun mes e menos de oito meses e un peso en canal inferior a 185 Kg (prima polo sacrificio de bovinos “tipo tenreiro”).

O produtor debe manter na súa explotación cada animal polo que solicita axuda durante un período de retención mínimo de dous meses, sempre que este finalizase no prazo máximo dun mes antes do sacrificio.

O límite máximo anual asignado ao Estado pola Unión Europea é de 1.982.216 animais na prima por sacrificio de bovinos adultos e de 25.629 na prima por sacrificio de “tipo tenreiro”.

A partir da campaña 2006, e de acordo co establecido no artigo 2 a) do Real Decreto 1617/2005, integrouse no pagamento único o 60% da prima por sacrificio de adultos.

Resúmense deseguido os importes unitarios destas primas na Campaña 2008.

Cadro 4.1  
Importes unitarios das primas  
de bovino. Campaña 2008

<b>Prima por vaca nutriz</b>	<b>Aprox.</b>
<b>Concepto</b>	<b>(€/cabeza)</b>
<b>Prima base por vaca</b>	186
<b>Prima nacional complementaria</b>	22,46
<b>Primas por sacrificio</b>	<b>Máx.</b>
<b>Concepto</b>	<b>(€/cabeza)</b>
<b>Touros, bois, vacas e xovencas de 8 ou máis meses</b>	29,76
<b>Bovinos de 1 a 8 meses</b>	46,50

**4.1.2.2. Pagamentos adicionais no sector do gando vacún de carne (art. 69 do Regulamento 1782/2003)**

De acordo co establecido no artigo 3.2 do Real Decreto 1617/2005, polo que se regula a concesión de dereitos aos agricultores dentro do réxime de pagamento único, retívose un 7% dos pagamentos no sector de carne de vacún por aplicación do artigo 69 do Regulamento (CE) nº 1782/2003, para conceder dous novos tipos de axudas a partir da campaña 2006:

a) Pagamento adicional a explotacións que manteñan vacas nutrices.

b) Pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade recoñecida oficialmente.

Estas axudas regúlanse nos artigos 86 e 87 do Real Decreto 1470/2007, de 2 de novembro, sobre aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería.

#### **a) Pagamento adicional a explotacións que manteñan vacas nutrices**

O obxectivo desta axuda é conceder un pagamento adicional aos produtores que manteñan vacas nutrices, co fin de incentivar o mantemento de actividades gandeiras beneficiosas dende o punto de vista medioambiental, que realicen unha utilización racional dos recursos naturais pastados e conserven o patrimonio xenético da nosa cabana gandeira.

Para a percepción destas axudas non é necesario ter dereitos de prima de vaca nutriz asignados, aínda que o resto dos requisitos son similares aos esixidos para as axudas de vacas nutrices ligadas á produción. Ademais, nesta prima hai que cumprir co requisito de carga gandeira inferior a 1,5 UGM/ha cando a explotación teña máis de 15 UGM.

O importe total dos pagamentos adicionais anuais no sector das vacas nutrices é de 47.966.030 euros en todo o Estado, e o Ministerio Medio Ambinete y Medio Rural y Marino (MARM) establecerá anualmente a contía base por vaca tendo en conta os gandeiros a título principal, as explotacións asociativas e os estratos do rabaño.

#### **b) Pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade**

O obxectivo é conceder aos produtores de carne de vacún un pagamento adicional para incentivar a mellora da calidade e a comercialización de carne de vacún sacrificado dentro dalgún dos seguintes sistemas de calidade de carne recoñecidos oficialmente:

- Denominacións de orixe protexidas ou indicacións xeográficas protexidas.
- Gandería ecolóxica ou integrada.
- Etiquetado facultativo da carne que implique uns requisitos superiores aos esixidos na normativa xeral.

O importe global máximo anual que se destinará a estes pagamentos en todo o Estado é de 7 millóns de euros. Polo MARM establecerase anualmente a contía do pagamento adicional por cabeza dividindo o importe global entre o número de cabezas, cun máximo de 200 cabezas por explotación.

### 4.1.3. RESULTADO DA XESTIÓN DE AXUDAS AO SECTOR DE CARNE DE VACÚN

#### 4.1.3.1. Vacas nutrices

Para a presentación de solicitudes de axuda por vacas nutrices contouse coa colaboración de entidades financeiras, de acordo co indicado no punto 2.3.2 e cadro 2.13 desta memoria, no prazo do 1 de febreiro ao 30 de abril de 2008. A recepción e xestión de solicitudes de vacas nutrices realizouse de acordo co Manual de Procedemento establecido pola Dirección do Fogga.

No ano 2008 recibíronse en Galicia 14.494 solicitudes de prima por vaca nutriz para un total 166.024 animais e 11.45 animais por produtor, das que 7.193 solicitudes (49,62 %) e 99.648 vacas (60.02 %) corresponden á provincia de Lugo. No cadro seguinte, reflíctense estas solicitudes da campaña 2008 segundo a provincia:

Cadro 4.2  
Solicitudes de primas por vaca  
nutriz segundo provincia. Cam-  
paña 2007

Provincia	Solicitudes	Cabezas	Cabezas/ solicitud
<b>A Coruña</b>	4.355	38.095	8,75
<b>Lugo</b>	7.193	99.648	13,85
<b>Ourense</b>	1.692	17.904	10,58
<b>Pontevedra</b>	1.254	10.377	8,28
<b>Galicia</b>	14.494	166.024	11,45

#### > Xestión de dereitos

A percepción da axuda por vaca nutriz está condicionada á dispoñibilidade de dereitos polo produtor en número igual ou superior aos animais polos que solicita prima.

Coa finalidade de equilibrar animais solicitados e dereitos dispoñibles realizáronse un total de 1.789 transferencias ou cesións na campaña 2008, por 7.906,7 dereitos de prima por vaca nutriz, segundo se indica no cadro seguinte.

Cadro 4.3  
Transferencias e cesións de  
dereitos de prima de vacas  
nutrices, segundo provincia.  
Campaña 2008

Provincia	Transferencias				Cesións		Total	
	Con explotación		Sen explotación		Solici.	Dereitos	Solicit.	Dereitos
	Solicit.	Dereitos	Solicit.	Dereitos				
<b>A Coruña</b>	112	689,90	360	1.159,30	86	242,00	558	2.091,20
<b>Lugo</b>	181	2.254,10	477	1.936,10	109	258,50	767	4.448,70
<b>Ourense</b>	41	255,50	228	587,10	25	136,00	294	978,60
<b>Pontevedra</b>	25	93,60	110	249,30	35	45,30	170	388,20
<b>Galicia</b>	359	3.293,10	1.175	3.931,80	255	681,80	1.789	7.906,70

Destes dereitos, 3.931,8 (49,7 %) corresponden a transferencias sen explotación, e 3.293,1 (41,7 %) son transferencias con explotación, a maior parte por cambios de titularidade ou similares. O resto, 681,8 dereitos (8,6 %), son cesións temporais de dereitos de prima entre explotacións.

### > Reserva Nacional

No marco do Real Decreto 1839/1997 publicouse a orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación **APA/75/2008, de 23 de xaneiro**, pola que se determina a dispoñibilidade de dereitos a prima da reserva nacional para o seu reparto entre os produtores de ovino cabrún e os que manteñan vacas nutrices, con efectos a partir de 2008.

Nesa orde estableceuse a posibilidade de admitir solicitudes de dereitos da reserva nacional de vacas nutrices para a campaña 2008, fixando o prazo da solicitude entre o 26 de xaneiro e o 27 de febreiro de 2008.

Non poderán obter asignación os produtores que:

- a) Teñan transferido dereitos nos anos 2006 ou 2007.
- b) Non utilizaron un mínimo do 90 % dos dereitos dispoñibles en 2007.
- c) Teñan transferidos ou cedido dereitos para o ano 2008.
- d) Foran excluídos da prima por negligencia grave en 2005, 2006 ou 2007.
- e) Foran excluídos dos programas de saneamento gandeiro oficial por causas atribuídas ao interesado.

En Galicia presentáronse un total de 7.011 solicitudes por un total de 54.810,30 dereitos, obtiveron asignación 255 produtores por un total de 2684,30 dereitos, segundo se indica no cadro 4.4. Máis do 75% dos dereitos asignados en Galicia fórono a produtores da provincia de Lugo.

Provincia	Solicitudes		Asignacións		Asignación/solicitud (%)	
	Produtores	Dereitos solicitados	Produtores	Dereitos asignados	Produtores	Dereitos
<b>A Coruña</b>	2.173	14.944,10	20	279,5	0,92	1,87
<b>Lugo</b>	3.528	28.287,00	201	2.018,70	5,70	7,14
<b>Ourense</b>	666	6.379,30	31	345,10	4,65	5,41
<b>Pontevedra</b>	644	5.199,90	3	41,00	0,47	0,79
<b>Galicia</b>	7.011	54.810,30	255	2.684,30	3,64	4,90

Cadro 4.4  
Solicitudes e dereitos . Asignación de dereitos da reserva nacional de vacas nutrices para a campaña 2008

É necesario salientar que, dado o escaso número de dereitos existentes na reserva nacional e o alto número e solicitantes de dereitos de prima, únicamente obtiveron asignación o 3,64 % dos produtores que solicitaron e por un 4,9 % dos dereitos solicitados.

O número medio de dereitos asignados por produtor que solicitou da reserva foi de 10,5 dereitos, variando de 13,8 na provincia de A Coruña a 10,07 na de Lugo.

Cadro 4.5  
Comparación dereitos totais e asignados da reserva nacional de vacas nutrices para a campaña 2008

Provincia	Produtores		Dereitos		Dereitos/produtor	
	Total	Con asignación	Total	Asignados	Antes da RN	Despois da RN
<b>A Coruña</b>	4.388	19	25.947,00	262,40	5,91	5,97
<b>Lugo</b>	7.201	202	71.971,90	2.035,80	9,99	10,28
<b>Ourense</b>	1.938	31	13.075,80	345,10	6,75	6,93
<b>Pontevedra</b>	1.184	3	6.260,90	41,00	5,29	5,32
<b>Galicia</b>	14.711	255	117.255,60	2.684,30	7,97	8,15

Esta asignación permitiu que a media de dereitos por produtor pasara de 7,97 antes da asignación a 8,15 dereitos despois da mesma.

En relación co total de dereitos asignados a produtores de vacas nutrices para a Campaña 2008, esta distribución da reserva supón un incremento do 2,28% dos dereitos dispoñibles, pasando de 117.255,60 a 119.939,30 dereitos,

Despois da realización das asignación da reserva, das retiradas de dereitos por non utilización e das transferencias para a campaña 2008, os gandeiros con vacas nutrices en Galicia dispuñan de 116.889,7 dereitos distribuídos en 13.761 explotacións, cunha media de 8,49 dereitos por produtor coa distribución provincial que se indica no cadro seguinte:

Cadro 4.6  
Distribución provincial de produtores e dereitos de prima por vaca nutriz. Campaña 2008

Provincia	Produtores		Dereitos		Dereitos por produtor
	Número	%	Número	%	
<b>A Coruña</b>	4.027	29,26	25.176,90	21,54	6,25
<b>Lugo</b>	6.871	49,93	72.524,20	62,04	10,56
<b>Ourense</b>	1.777	12,91	12.990,80	11,11	7,31
<b>Pontevedra</b>	1.086	7,89	6.197,80	5,30	5,71
<b>Galicia</b>	13.761	100,00	116.889,70	100,00	8,49

As explotacións con vacas nutrices, tanto no relativo a produtores (49,93 %) como a dereitos (62,04 %), concéntranse na provincia de Lugo, que tamén ten a maior cantidade de dereitos por explotación, 10,56.







Gráfico 4.1  
Distribución provincial de productores e dereitos de prima por vaca nutriz. Campaña 2008

No cadro e nos dous gráficos seguintes indícase a distribución de produtores e dereitos de vacas nutrices segundo o tamaño da explotación expresado en número de dereitos do seu titular, para Galicia na campaña 2008. Nos datos expostosponse de manifesto o reducido tamaño dunha alta porcentaxe das explotacións, o que condiciona a súa viabilidade. Unicamente un 9,14 % dos produtores, cun 37,17 % dos dereitos, teñen máis de 20 dereitos por explotación. Por outra banda, un 74,86 % dos gandeiros, cun 35,93 % dos dereitos, teñen menos de 10 dereitos por explotación.

Rango (Número de dereitos)	Produtores		Dereitos	
	Número	%	Número	%
De 0,1 a 5	7.009	50,93	17.668,50	15,12
De 5,1 a 10	3.293	23,93	24.322,60	20,81
De 10,1 a 20	2.202	16,00	31.453,10	26,91
De 20,1 a 50	1.105	8,03	32.113,50	27,47
De 50,1 a 100	133	0,97	8.436,50	7,22
Máis de 100	19	0,14	2.895,50	2,48
<b>Total</b>	<b>13.761</b>	<b>100,00</b>	<b>116.889,70</b>	<b>100,00</b>

Cadro 4.7  
Distribución de produtores de vacas nutrices segundo dereitos por produtor. Campaña 2008





Gráfico 4.2  
Distribución de produtores e dereitos con vacas nutrices segundo dereitos por produtor. Campaña 2008


Unha estrutura produtiva tan fráxil dá lugar a unha diminución do número de explotacións con dereitos, que pasan de 14.711 no ano 2007 a 13.761 en 2008, cunha perda de 950 produtores (6,45 %), e un descenso de dereitos de 117.256 en 2007 a 116.890 en 2008, cunha perda de 365,9 dereitos (0,31 %), ben por transferencia a produtores doutras comunidades ou pola non utilización na solicitude de primas.

Nos últimos sete anos, a diminución de produtores e dereitos de prima por vaca nutriz en Galicia indícase no cadro e gráfico seguintes.

Cadro 4.8  
Evolución de produtores e dereitos de prima por vaca nutriz.  
Galicia 2001 a 2008

Campañas	Produtores			Dereitos		
	Número	Número	% ano anterior	Número	Número	% ano anterior
2001	23.412			143.041		
2002	21.628	-1.784	-7,62	135.607	-7.434	-5,20
2003	19.392	-2.236	-10,34	131.219	-4.388	-3,24
2004	18.166	-1.226	-6,32	127.425	-3.794	-2,89
2005	16.881	-1.285	-7,07	123.548	-3.877	-3,04
2006	15.764	-1.117	-6,62	120.417	-3.131	-2,53
2007	14.711	-1.053	-6,68	117.256	-3.161	-2,63
2008	13.761	-950	-6,46	116.890	-366	-0,31

Gráfico 4.3  
Evolución de produtores e dereitos de prima por vaca nutriz.  
Galicia 2001 a 2008



Resúmese na perda de 9.651 produtores e 26.151 dereitos, 41,22 % e 18,28 % respectivamente, dos existentes en 2001. Neste período de 7 anos produciuse unha diminución anual do 5,89 % dos produtores e o 2,61 % dos dereitos.

## > Plan de controis de primas de vacún

De acordo co establecido no manual de procedemento sobre controis administrativos e no Plan Nacional de controis de axudas gandeiras para o ano 2008, redactado polo FEGA, o FOGGA aprobou o plan de controis administrativos e sobre o terreo de primas gandeiras da Comunidade Autónoma de Galicia para a campaña 2008.

Todos os controis administrativos relativos á verificación de documentación e a súa posterior gravación efectúanse no menor tempo posible para que as inspeccións sobre o terreo poidan realizarse no período de retención. Estes controis administrativos implican, para todas as solicitudes de cada prima presentada na campaña 2007, as comprobacións reflectidas no plan e segundo o manual de procedemento.

Os controis sobre o terreo fanse simultaneamente para a prima por vaca nutriz, pagamento adicional por vacas nutrices e prima por sacrificio se as ten solicitadas a explotación no momento de efectuar o control sobre o terreo, e teñen que ser como mínimo dun 5% dos solicitantes de primas por gando vacún e deben incluír como mínimo un 5% dos animais solicitados para cada réxime de axuda.

Na campaña 2008 presentaron solicitudes de axuda por primas ao gando vacún (cadro 4.9) 30.485 produtores que solicitaron axuda por vaca nutriz por 165.958 cabezas, por pagamento adicional por vaca nutriz para 197.129 cabezas, prima por sacrificio para 231.095 cabezas e pagamento adicional por carne de vacún de calidade para 72.289 cabezas.

O número de explotacións e animais controlados sobre o terreo na campaña 2007 indícase no cadro seguinte:

Provincia	Explotacións	Animais solicitados			
		Nutrices	Adic. nutrices	Sacrificio	Adic. carne calidade
<b>A Coruña</b>	11.487	38.070	50.267	64.181	5.808
<b>Lugo</b>	12.605	99.611	112.558	106.644	39.013
<b>Ourense</b>	2.356	17.904	20.355	38.408	20.472
<b>Pontevedra</b>	4.037	10.373	13.949	21.862	6.996
<b>Galicia</b>	30.485	165.958	197.129	231.095	72.289

Cadro 4.9  
Explotacións con solicitudes de vacún e animais solicitados. Campaña 2008

Provincia	Explotacións controladas	Animais controlados			
		Nutrices	Adic. nutrices	Sacrificio	Adic. carne calidade
<b>A Coruña</b>	752	6.199	6.874	11.449	2.128
<b>Lugo</b>	857	12.950	13.873	19.025	9.757
<b>Ourense</b>	147	2.341	2.617	11.682	7.807
<b>Pontevedra</b>	249	2.371	2.620	9.787	5.635
<b>Galicia</b>	2.005	23.861	25.984	51.943	25.327

Cadro 4.10  
Explotacións de vacún e animais controlados sobre o terreo. Campaña 2008

Controláronse sobre o terreo o 6,58 % das explotacións con solicitude de axuda e o 14,38 % das vacas nutrices, o 13,18% das vacas nutrices polas que se solicitou o pagamento adicional e o 22,48 % dos animais polos que se solicitou prima por sacrificio, así como o 35,04 % dos animais polos que se solicita o pagamento adicional de carne de calidade, superándose as porcentaxes mínimas establecidas no plan de controis, segundo se indica no cadro 4.10.

O plan de controis da campaña 2007 indica que se realizará un control da calidade dos controis sobre o terreo e para iso faise unha supervisión aleatoria do 2% do total das actas da campaña 2007, collendo como mínimo 2 actas por controlador para comprobar a súa correcta redacción, e logo a repetición dos controis sobre o terreo nun mínimo do 50% das ditas actas por controladores distintos dos que as realizaron, segundo se indica no cadro seguinte.

Cadro 4.11  
Calidade dos controis sobre  
o terreo nas explotacións da  
campaña 2007

Provincia	Bovino		
	Controis totais realizados	Supervisión >2%	Repetición do 50% das actas no campo
<b>A Coruña</b>	806	18	9
<b>Lugo</b>	897	18	9
<b>Ourense</b>	155	4	2
<b>Pontevedra</b>	286	6	3
<b>Galicia</b>	2.144	46	23

#### > Pagamentos de axudas aos produtores de vacas nutrices

No ano 2008 efectuáronse os pagamentos de axudas a produtores de vacas nutrices que a solicitaron no ano 2007 aos que se lles fixeron os controis, fundamentalmente, ao longo de 2007. A obriga da realización dos controis e de aplicar as reducións e exclusións de animais en conxunto para todas as primas de gando vacún, incluída a prima por sacrificio, así como o axuste das axudas ás contías máximas establecidas a nivel de todo o Estado, condiciona a realización dos pagamentos das primas de vacún en datas anteriores a xuño.

Tendo en conta o anterior, en abril de 2008 pagouse un anticipo, equivalente ao 60 % da prima das por vaca nutriz a 12.877 produtores por un importe total de 11.319.252,81 euros.

Os pagamentos complementarios das primas vacas nutrices foron realizados no mes de xuño 2008. As primas totais, anticipos incluídos, a produtores por vacas nutrices do ano 2007, en cada provincia, indícanse no cadro seguinte:

Provincia	Produtores	Cabezas	Pagos totais (€)
<b>A Coruña</b>	3.795	24.525,10	4.792.537,75
<b>Lugo</b>	6.726	70.823,00	14.004.574,62
<b>Ourense</b>	1.718	12.755,70	2.499.116,66
<b>Pontevedra</b>	988	5.838,20	1.137.418,44
<b>Galicia</b>	13.227	113.942,00	22.433.647,47

Cadro 4.12  
Prima por vacas nutrices. Produtores, cabezas e pagos totais no 2008 segundo provincias. Solicitudes da campaña 2007

Un total de 13.227 produtores percibiron 22.433.647,47 euros correspondentes a 113.942 vacas nutrices, o que supón unha media de 1.696,05 euros e 8.61 vacas primadas por explotación.

Aos pagamentos de vacún do ano 2007 aplicóuselhes o desconto correspondente á modulación, que nese ano foi do 5 %.

Esta prima total distribuíuse en dous conceptos para as solicitudes da campaña 2007: prima base e prima nacional complementaria, despois da integración no pagamento único por explotación da prima por extensificación e os pagamentos adicionais, a partir da campaña 2006.


Provincia	Importes pagados (€)		
	Prima base	Prima complementaria	Total
<b>A Coruña</b>	4.276.180,65	516.357,10	4.792.537,75
<b>Lugo</b>	12.495.692,87	1.508.881,75	14.004.574,62
<b>Ourense</b>	2.229.857,07	269.259,59	2.499.116,66
<b>Pontevedra</b>	1.014.870,61	122.547,83	1.137.418,44
<b>Galicia</b>	20.016.601,20	2.417.046,27	22.433.647,47

Cadro 4.13  
Prima por vacas nutrices. Distribución provincial segundo o tipo do pago feito no ano 2008. Solicitudes da campaña 2007

No conxunto de Galicia a prima base supón un 89,22% do total, a prima nacional complementaria o 10,78%.

No mapa nº 4 reflíctese a distribución de importes pagados aos gandeiros de cada concello de Galicia en concepto de primas por vaca nutriz, podendo observar que os gandeiros de 8 concellos perciben máis de 500.000 euros por este tipo de axuda, mentres noutros 42 concellos non se perciben axudas deste tipo.

Mapa 4  
Distribución por concellos do pagamento por vacas nutri- ces. Pagamentos realizados polo FOGGA do 01.01.2008 ao 31.12.2008



VACA NUTRIZ  
(Rangos en 1.000€)

0	(42)
Entre 0 e 10	(91)
Entre 10 e 100	(118)
Entre 100 e 500	(56)
Máis de 500	(8)

### > Comparación coa campaña anterior

No ano 2008 efectuáronse os pagamentos a produtores que solicitaron a prima de nutrices na campaña 2007. Na súa comparación cos pagamentos da campaña 2006 conséntase o seguinte:

- Unha diminución do 1.56 % no importe total das primas.
- Unha diminución do 0.92 % do número de vacas primadas.
- Unha diminución do 4.83 % no número de produtores con prima.
- Un aumento do 3,47 % no importe da prima por explotación.

A diminución de animais primados por abandono da actividade produtiva das explotacións menos viables que non é compensada polo incremento do censo das mais viables condiciona o descenso de importes. Contribúe tamén ao descenso o incremento do 4 ao 5 % da porcentaxe de redución por modulación.

### > Evolución das axudas por vacas nutrices no período 1994-2007

No cadro 4.14 indícase a evolución do número de produtores e animais solicitados e primados no período 1994-2007 en Galicia. Ao longo dese período mantense a tendencia a diminuír o número de produtores, pero o número de animais solicitados e primados incrementábase até os anos 1997-1998 para logo iniciar un descenso continuado, estando nestes momentos no nivel máis baixo de todo o período., no relativo a animais primados.

Campaña	Solicitudes	Animais solicitados	Animais primados	Primas/solic. (%)
1994	29.912	146.861	119.099	81,10
1995	28.416	142.637	119.385	83,70
1996	29.186	155.367	126.979	81,70
1997	28.167	162.016	143.922	88,80
1998	26.906	171.860	143.604	83,60
1999	25.453	171.389	141.797	82,70
2000	23.493	173.016	141.971	82,10
2001	21.908	162.604	133.783	82,30
2002	19.798	150.853	128.021	84,90
2003	17.540	144.873	126.802	91,70
2004	16.968	138.286	124.117	89,70
2005	15.746	140.244	120.420	85,90
2006	13.897	140.396	114.995	81,91
2007	13.227	135.711	113.942	83,86


Cadro 4.14  
Prima por vaca nutriz. Evolución anual de solicitantes e animais solicitados e primados. 1994-2007

Cadro 4.15  
Prima por vaca nutriz. Evolución anual de solicitantes e primas pagadas

Campaña	Solicitantes	Importe das primas (€)	Animais/solicitante	Euros/solicitante
1994	29.912	18.325.058	4,9	612,60
1995	28.416	22.205.205	5,0	781,40
1996	29.186	24.608.228	5,3	843,20
1997	28.167	28.912.936	5,8	1.026,50
1998	26.906	29.367.487	6,4	1.091,50
1999	25.453	29.097.060	6,7	1.143,20
2000	23.493	36.738.794	7,4	1.563,80
2001	21.908	36.166.117	7,4	1.650,80
2002	19.798	39.597.436	7,6	2.000,10
2003	17.540	40.192.336	7,2	2.291,50
2004	16.862	39.637.118	7,4	2.350,70
2005	15.746	36.065.605	7,6	2.290,70
2006	13.897	22.788.106	8,3	1.639,80
2007	13.227	22.433.647	8,6	1.696,00

No cadro 4.15 e no gráfico 4.4 indícanse os importes totais da prima percibidos polos produtores de vacas nutrices. Estes incrementáronse, pasando de 18.325.058 euros en 1994 a 40.192.336 euros en 2003, para diminuír a pouco máis de 22 millóns de euros nos dous últimos anos como consecuencia da integración de parte da axuda no pagamento único.

Gráfico 4.4  
Prima por vaca nutriz. Evolución anual de solicitantes e primas pagadas 1994-2007





Por outra banda, o número de beneficiarios ten diminuído de 29.912 en 1994 a 13.227 no 2007, cunha redución do 55.8 % equivalente a un 3.98 % anual.

É necesario salientar tamén que un produtor con vacas nutrices en 2007 percibiu unha media de 1.696.0 euros, 2,77 veces a axuda que percibía en 1994 (612,6 euros).

#### 4.1.3.2. Prima por sacrificio de bovinos

As solicitudes presentáronse a través das Oficinas Agrarias Comarcais nos períodos do 1 de febreiro ao 30 de abril, do 1 ao 30 de xuño, do 1 ao 30 de setembro de 2008 e do 1 de decembro de 2008 ao 15 de xaneiro de 2009, nos formularios establecidos, de acordo co disposto no Manual de Procedemento aprobado pola Dirección do Fogga e utilizando unha aplicación informática que accede á base de datos de identificación e rexistro de gando vacún para facilitar a súa tramitación.

Na campaña 2008 recibíronse en Galicia 57.940 solicitudes de prima por sacrificio para un total de 231.096 animais, o que supón que a cada solicitude presentada correspóndenlle unha media de 4,0 cabezas sacrificadas segundo se indica no cadro seguinte.

Provincia	Solicitudes	Cabezas	Cabezas/ solicitude
A Coruña	21.086	64.316	3,1
Lugo	26.974	106.088	3,9
Ourense	4.558	38.451	8,4
Pontevedra	5.322	22.241	4,2
Galicia	57.940	231.096	4,0

Cadro 4.16  
Solicitudes de primas por sacrificio segundo provincia. Campaña 2008

#### > Plans de controis

De acordo co establecido no manual de procedemento sobre controis administrativos e no plan nacional de controis de axudas gandeiras para o ano 2008, redactado polo FEGA, o Fogga aprobou o plan de controis administrativos e sobre o terreo de primas gandeiras aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia na Campaña 2008. Os controis administrativos implican para todas as solicitudes de cada prima presentada na campaña 2008 as comprobacións reflectidas no plan, e segundo o manual de procedemento.

Os controis sobre o terreo fanse simultaneamente para a prima por vaca nutriz e prima por sacrificio se as ten solicitadas a explotación no momento de efectuar o control sobre o terreo, e teñen que ser, como mínimo, dun 5% dos solicitantes de primas por gando vacún e deben incluír, como mínimo, un 5% dos animais solicitados para cada réxime de axuda. O número de explotacións e animais polos que solicitase prima por sacrificio obxecto de control na campaña 2008 indícase no cadro 4.8 do apartado da prima por vacas nutrices.

Controláronse sobre o terreo o 6,58 % das explotacións de vacún con solicitude e o 22.48 % dos animais polos que se solicitou prima por sacrificio, superándose as porcentaxes mínimas establecidas no plan de controis (cadro 4-8 ).

Por outra banda, no plan de controis, establécese que deberán controlarse o 30% dos establecementos de sacrificio ou matadoiros que presentasen unha declaración de participación da xestión da prima, e neles contrólase un mínimo do 5% dos animais solicitados e sacrificados durante os 12 meses anteriores ao control sobre o terreo. Dos 45 matadoiros participantes, controláronse 15, coa comprobación de 51.341 animais por mostraxe, o que supón un 11.39 % dos sacrificados nos establecementos colaboradores (cadro 4.17).

Cadro 4.17  
Establecementos de sacrificio controlados e animais controlados nos mesmos. Campaña 2007

Provincia	Matadoiros		Bovinos	
	Total	Controlados	Sacrificados	Controlados
<b>A Coruña</b>	12	5	137.675	15.871
<b>Lugo</b>	13	4	127.546	20.074
<b>Ourense</b>	9	3	82.724	7.228
<b>Pontevedra</b>	11	3	102.849	8.168
<b>Galicia</b>	45	15	450.794	51.341

> **Control de calidade dos controis**

Por outra banda, o plan de controis da campaña 2007 establece que se realizará un control da calidade dos controis sobre o terreo, que se fixo conforme ás porcentaxes reflectidas no apartado da prima por vacas nutrices, resultando no caso dos controis sobre o terreo nos matadoiros os datos seguintes:

Cadro 4.18  
Calidade dos controis sobre o terreo en matadoiros da campaña 2006

Provincia	Matadoiros		
	Controis totais realizados	Supervisión > 2%	Repetición do 50% das actas no campo
<b>A Coruña</b>	4	2	1
<b>Lugo</b>	4	2	1
<b>Ourense</b>	3	2	1
<b>Pontevedra</b>	4	2	1
<b>Galicia</b>	15	8	4

### > Pagamentos de axudas a produtores que solicitaron prima por sacrificio

Os pagamentos realizados no ano 2008 corresponden á campaña 2007.

Despois de coñecer os coeficientes redutores resultantes do número de animais solicitados en todo o Estado e a súa relación con máximos establecidos pola UE para o Estado para animais de menos de 8 meses (25.629 cabezas) e para mais de 8 meses (1.982.216 cabezas), que foron respectivamente no ano 2007 de 0,664153 e 0,90563259, e os coeficientes de axuste ao límite orzamentario establecido pola UE para a prima de tenreiros (0,48502046) e para a prima de adultos (0,91598815), realizouse o pagamento da prima base e o pagamento adicional aos produtores que cumpriron as condicións establecidas, no mes de xuño de 2008. Aplicouse tamén a redución do 5 % relativa á modulación.

A distribución provincial de produtores e cabezas primadas segundo o tipo de animal sacrificado indícase no cadro seguinte.

Provincia	Produtores	Tenreiros	Adultos	Cabezas
<b>A Coruña</b>	9.553	6.180	58.778	64.958
<b>Lugo</b>	10.664	7.909	96.614	104.523
<b>Ourense</b>	1.883	2.154	35.236	37.390
<b>Pontevedra</b>	3.722	3.109	20.373	23.482
<b>Galicia</b>	25.822	19.352	211.001	230.353

Cadro 4.19  
Primas por sacrificio. Produtores e cabezas segundo tipo animal e provincias. Solicitudes da campaña 2007

O total de 25.822 produtores percibiron 4.617.957,58 euros por un total de 230.353 cabezas sacrificadas. Un 45,50% da axuda corresponde a Lugo, 28,67% a Coruña, 15,35% a Ourense e a Pontevedra o 10,48% restante. No relativo a animais primados por explotación, sendo a media en Galicia de 8,28, en Ourense é de 16,89 e en Pontevedra de 5,29 cabezas por produtor.

O total indicado de prima por sacrificio distribúese entre tenreiros e adultos segundo se indica no cadro 4.20.


Provincia	Importes pagados (€)		
	Tenreiros	Adultos	Total
<b>A Coruña</b>	86.597,47	1.198.560,70	1.285.158,17
<b>Lugo</b>	113.945,91	1.998.947,66	2.112.893,57
<b>Ourense</b>	30.732,69	727.699,72	758.432,41
<b>Pontevedra</b>	43.673,94	417.799,49	461.473,43
<b>Galicia</b>	274.950,01	4.343.007,57	4.617.957,58

Cadro 4.20  
Primas por sacrificio. Distribución provincial segundo tipo de pago. Campaña 2006

A prima por sacrificio de adultos supón o 94,04 % do total pagado e a prima por sacrificio de animais xoves, de menos de 8 meses, o 5,95 %, sendo Lugo a provincia que percibe a maior parte da prima total (45,75 %).

No mapa nº 5 reflíctese a distribución de importes pagados aos gandeiros de cada concello de Galicia en concepto de prima por sacrificio, existindo 2 concellos nos que o conxunto de produtores percibiron máis de 100.000 euros por esta prima e 70 nos que non chegan a 1.000 euros, e dentro destes 7 que non reciben primas deste tipo

Mapa 5  
Distribución por concellos do pagamento por sacrificio varcún. Pagamentos realizados polo FOGGA do 01.01.2008 ao 31.12.2008



### > Comparación coa campaña anterior

A comparación dos pagamentos feitos en 2008, correspondentes á campaña 2007, cos pagamentos relativos á campaña 2006 para a prima por sacrificio, indica:

- Un incremento do 1,48 % no importe total de primas pagadas.
- Un decremento do 94,96 % número de animais primados.
- Un decremento do 11,61 % no número de produtores que perciben prima.
- Un incremento do 14.76 % no importe da prima percibida por explotación.

Respecto do ano anterior houbo un lixeiro incremento (1,48 %) das axudas percibidas polo sector en Galicia posto que aínda que houbo un descenso do 4,96 % no número de animais primados os coeficientes reductores a plicar aos animais e aos importes na campaña 2007 foron mais favorables que os correspondentes á campaña 2006 polo descenso de animais primables a nivel de todo o Estado, compensando tamén, estes coeficientes o incremento da modulación do 4 ao 5 %.

### > Evolución da prima por sacrificio no período 2000-2007

No cadro seguinte indícase a evolución do número de solicitudes, animais solicitados e primados por sacrificio, xoves e adultos, dende 2000, ano no que estableceu esta prima a Unión Europea, até o ano 2007.

Campaña	Solicitudes	Animais solicitados	Animais primados	Prim/solic. (%)
2000	31.249	113.644	102.353	90,10
2001	37.916	145.264	128.368	88,40
2002	53.115	178.220	167.320	93,90
2003	70.015	225.789	218.349	96,70
2004	76.377	250.532	245.574	98,00
2005	79.678	274.032	267.770	97,70
2006	69.749	248.387	242.027	97,40
2007	57.940	232.317	230.353	99,20

Cadro 4.21  
Primas por sacrificio. Evolución anual de solicitudes e animais solicitados e pagados 2000-2007


Ao longo de todo ese período mantense a tendencia a incrementar tanto o número de solicitudes como os animais solicitados e primados até a campaña 2005, mentres que na campaña 2006 prodúcese un descenso. Esta tendencia ao incremento débese a un incremento das primas por cabeza, como consecuencia da Axenda 2000, e a unha mellor información dos produtores e ao perfeccionamento dos sistemas de tramitación e xestión, pero en 2006 ao reducirse a prima unitaria nun 60%, por integración no pagamento único, isto contribuíu a diminución de animais primados.

No cadro 4.22 e no gráfico 4.5 resúmense os datos de solicitantes e importes totais de primas pagadas no período 2000-2007.

Cadro 4.22  
Prima por sacrificio. Evolución anual de solicitantes e primas pagadas 2000-2007

Campaña	Solicitantes	Importe das primas (€)	Animais/solicitante	Euros/solicitante
2000	16.807	4.403.615	6,8	262,0
2001	20.820	9.318.660	7,0	447,6
2002	27.143	13.157.581	6,6	484,8
2003	32.994	15.852.938	6,6	480,4
2004	35.055	17.325.728	7,0	494,2
2005	34.065	15.638.161	7,9	459,1
2006	29.212	4.550.581	8,3	155,8
2007	25.822	4.617.958	8,9	178,8

Gráfico 4.5  
Prima por sacrificio de bovinos. Evolución anual de solicitantes e primas pagadas 2000-2007



Tanto as solicitudes como os animais primables incrementáanse de ano en ano até 2005, descendendo en 2006. O número de solicitantes pasou de 16.807 en 2000 a 25.822 en 2007, multiplicándose por 1,53, e os animais primados por 2,25 no período de 7 anos. Os importes pagados pasaron de 4.403.615 a 4.617.958 euros no mesmo período. O importe percibido por beneficiario, pasou de 262,0 a 178,8 euros desde o ano 2000 ao ano 2007, o que supón unha diminución do 31,8 %.

**4.1.3.3. Pagamento adicional aos produtores que manteñan vacas nutrices  
(art. 69, Regulamento 1782/2003)**

Para a presentación destas solicitudes contouse coa colaboración de entidades financeiras, de acordo co indicado no punto 2.3.2 e o cadro 2.18 desta memoria, do 1 de febreiro ao 30 de abril de 2008. A recepción destas solicitudes e a xestión das mesmas faise de acordo co manual de procedemento establecido polo Fogga.

No ano 2008 recibíronse en Galicia 19.412 solicitudes deste pagamento adicional para un total de 197.201 animais e 10,2 animais por gandeiro, segundo se indica no cadro 4.23.

Provincia	Solicitudes	Cabezas	Cabezas/ solicitud
<b>A Coruña</b>	6.820	50.287	7,4
<b>Lugo</b>	8.625	112.603	13,1
<b>Ourense</b>	1.922	20.355	10,6
<b>Pontevedra</b>	2.045	13.956	6,8
<b>Galicia</b>	19.412	197.201	10,2

Cadro 4.23  
Solicitudes de pagamento adicionais aos produtores que manteñan vacas nutrices (Art. 69, Resolución 1782/2003). Campaña 2008

A percepción desta axuda non está condicionada á dispoñibilidade de dereitos de prima polo gandeiro.

**> Plan de controis**

Esta axuda está incluída no plan de controis administrativos e sobre o terreo de primas gandeiras da comunidade autónoma de Galicia para a campaña 2007, téndose realizado os controis indicados no cadro 4-8 desta memoria.

**> Pagamento de axuda**

De acordo co establecido no artigo 28 do Regulamento (CE) 1782/2003, o pagamento desta axudas solicitadas en 2008 efectuarase no período comprendido entre o 1 de decembro de 2008 e o 30 de xuño de 2009.

No ano 2008 realizáronse os pagamentos correspondentes ás solicitudes de pagamento adicional aos produtores que manteñan vacas nutrices presentadas no ano 2007.

Despois de coñecer as solicitudes presentadas e animais con dereito a prima en todo o Estado, o FEAGA estableceu os importes unitarios de prima a aplicar, que foron os seguintes:

- Primeiras 40 cabezas, 32,66752318 euros/animal.

- De 41 a 70 cabezas, 21, 88724053 euros/animal.
- De 71 a 100 cabezas, 10,78028265 euros/animal.

Aplicando estes importes realizouse o pagamento da prima aos produtores, no mes de xuño de 2008, aplicándose tamén o 5 % de modulación.

A distribución provincial de produtores e cabezas primadas indícase no cadro 4.24.

Cadro 4.24  
Prima de pagamento adicionais aos produtores que manteñan vacas nutrices (Art. 69 Resolución 1782/2003). Campaña 2008


Provincia	Produtores	Cabezas	Pagamentos totais (€)
<b>A Coruña</b>	6.294	41.760	1.261.640,37
<b>Lugo</b>	8.556	102.522	3.127.810,79
<b>Ourense</b>	2.014	19.073	566.576,50
<b>Pontevedra</b>	1.939	12.135	361.076,40
<b>Galicia</b>	18.803	175.490	5.317.104,06

Un total de 18.803 produtores recibiron 5.317.104,06 euros por 175.490 cabezas con dereito á axuda. Un 58,8 % da axuda e un 58,4 % das cabezas primadas corresponden á provincia de Lugo. Á súa vez o total desta axuda supón un 23,70 % da prima por vaca nutriz que recibiron os gandeiros de Galicia polas solicitudes presentadas na campaña 2007.

No mapa nº 6 indícase a distribución de importes pagados aos gandeiros de cada concello en concepto de pagamento adicional por vaca nutriz, existindo 25 concellos nos que non perciben axudas por este concepto e 8 que perciben máis de 100.000 euros.



Mapa 6  
 Distribución por concellos do pagamento adicional aos produtores que manteñan vacas nutrices. Pagamentos realizados polo FOGGA do 01.01.2008 ao 31.12.2008



ADICIONAL VACA NUTRIZ  
 (Rangos en 1.000€)

0	(25)
Entre 0 e 1	(64)
Entre 1 e 10	(100)
Entre 10 e 100	(118)
Máis de 100	(8)

#### 4.1.3.4. Pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade (Art. 69 Regulamento 1782/2003)

Para a presentación destas solicitudes, neste ano 2008, contouse por primeira vez nesta axuda coa colaboración de entidades financeiras, de acordo co procedemento indicado no punto 2.3.2 e o cadro 2.18 desta memoria, no prazo que vai do 1 de febreiro ao 30 de abril de 2008.

Ademais existiu a posibilidade de presentación a través das Oficinas Agrarias Comarcais nos períodos do 1 de febreiro ao 30 de abril, do 1 ao 30 xuño, do 1 ao 30 de setembro de 2008 e do 1 de decembro de 2008 ao 15 de xaneiro de 2009.

A recepción destas solicitudes e a xestión das mesmas faise de acordo co manual de procedemento establecido polo Fogga.

Na campaña 2008 recibíronse en Galicia 4.802 solicitudes desta axuda por un total de 74.323 animais, indicándose no cadro 4.25, a súa distribución por provincias.

Cadro 4.25  
Solicitudes de pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade (Art. 69 Resolución 1782/2003). Campaña 2008

Provincia	Solicitudes	Cabezas	Cabezas/solicitud
<b>A Coruña</b>	523	5.822	11,13
<b>Lugo</b>	3.794	39.662	10,45
<b>Ourense</b>	409	21.815	53,34
<b>Pontevedra</b>	76	7.024	92,42
<b>Galicia</b>	4.802	74.323	15,48

#### > Pagamento das axudas

O prazo de pagamento desta axuda vai do 1 de decembro de 2008 ao 30 de xuño de 2009.

No ano 2008 realizáronse os pagamentos relativos ás solicitudes de pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade presentadas no ano 2007. Despois de coñecer as solicitudes presentadas en todo o Estado, o FEGA estableceu o importe unitario de prima por cabeza sacrificada no marco dos distintos programas de calidade e que foi de 13,27026796 euros para a campaña 2007. De acordo con este importe realizouse o pagamento da axuda no mes de xuño de 2008, descontando o 5 % en concepto de modulación.

A distribución provincial de produtores e cabezas primadas indícase no cadro 4.26.


Provincia	Produtores	Cabezas	Pagamentos totais (€)
<b>A Coruña</b>	271	5.131	63.688,37
<b>Lugo</b>	2.657	32.800	413.177,40
<b>Ourense</b>	256	17.232	216.583,68
<b>Pontevedra</b>	52	4.011	50.193,08
<b>Galicia</b>	3.236	59.174	743.642,53

Cadro 4.26  
Prima de pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade (Art. 69 Resolución 1782/2003). Campaña 2007

Un total de 3.236 produtores recibiron 743.642,53 euros por un total de 59.174 cabezas solicitadas e que cumprían coas condicións establecidas. O 55,4 % da axuda e das cabezas primadas corresponden á provincia de Lugo. En relación coa prima por sacrificio pagada da campaña 2006 en Galicia esta axuda supón o 16,10 % da mesma.

No mapa nº 7 figura a distribución de axuda pagada aos gandeiros acollidos a programas de calidade de vacún de carne, por concello, existindo 124 concellos nos que non perciben este tipo de axudas e 23 nos que a axuda supera os 10.000 euros.

Mapa 7  
Distribución por concellos do pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade. Pagamentos realizados polo FOGGA do 01.01.2008 ao 31.12.2008



ADICIONAL VACÚN CALIDADE	
(Rangos en 1.000€)	
0	(124)
Entre 0 e 2,5	(111)
Entre 2,5 e 5	(31)
Entre 5 e 10	(26)
Máis de 10	(23)

## **4.2. OVINO-CABRÚN**

### **4.2.1. MARCO COMUNITARIO DE APOIO AO SECTOR**

Están establecidas as seguintes axudas no marco do Regulamento 1782/2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da PAC e da normativa correspondente do Estado :

- Prima base por ovella e cabra.
- Prima complementaria para gandeiros de zonas de montaña e desfavorecidas.

Coa entrada en vigor do Regulamento (CE) nº 1234/2007 do Consello, de 22 de outubro de 2007 polo que se crea unha organización en común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM), se determina que a carne de ovino e cabrún pode ser obxecto de axuda facultativa para almacenamento privado, ou mesmo de medidas especiais de intervención mediante apoio ao mercado por restricións no comercio derivadas da aplicación de medidas para loitar contra a propagación de enfermidades ou por perda da confianza dos consumidores por riscos para a saúde pública ou a sanidade animal.

### **4.2.2. RESUMO DAS NORMAS APLICABLES NA CAMPAÑA 2008**

Coa introdución do pagamento único no Estado en 2006, e tendo en conta que o Estado optou por ligar á produción o 50% da prima base por ovella e cabra e o 50% da prima complementaria para gandeiros de zonas de montaña e zonas desfavorecidas, incorporando o outro 50% máis o pagamento adicional a produtores de ovino-cabrún ao pagamento único por explotación desligado da produción, os novos importes unitarios máximos de axuda por cabeza diminuíron un 50%, quedando a partir de 2006 nos valores indicados no cadro 4-25.

#### **a) Prima base por ovella e cabra**

A prima de ovino e cabrún concédeselles aos produtores que manteñan un rabaño de ovelas e/ou cabras. A prima por cabra pode concedérselles a produtores das provincias de Ourense e Pontevedra e das zonas de montaña e desfavorecidas das provincias da Coruña e Lugo.

Para ter dereito ás axudas, os solicitantes deben ter asignado un límite individual de dereitos de prima e manter na súa explotación un número de animais que cumpran as condicións para a súa concesión igual a aquel polo que solicitaron a prima por un período de 100 días a partir do día seguinte á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Tanto o número de animais solicitados como o dereitos dispoñibles non poden ser inferiores a dez.

**b) Prima complementaria**

Tamén obteñen unha prima complementaria os produtores de ovino e cabrún en cuxa explotación polo menos o 50% da superficie dedicada á agricultura se sitúe en zonas desfavorecidas.

Cadro 4.27  
Importes unitarios das primas  
de ovino/cabrún. Campaña  
2008

Tipo de produtor	Euros/cabeza	
	Prima base	Prima complementaria
<b>Años pesados</b>	10,5	3,5
<b>Años lixeiros</b>	8,4	3,5

**4.2.3. RESULTADOS DA XESTIÓN DAS AXUDAS**

A tramitación e xestión das axudas a produtores de ovino e cabrún fíxose de acordo co establecido no Regulamento 1782/2003, polo que se establecen as disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da Política Agraria Común, e coa Orde da Consellería do Medio Rural de 31 de xaneiro de 2008, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e ganderaría e a indemnización compensatoria e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2008, estando incluída esta axuda na solicitude unificada PAC 2008 tramitada coa colaboración de entidades financeiras.

Na presentación de solicitudes colaboraron as entidades financeiras segundo o indicado no apartado 2.3.2 e no cadro 2.18 desta memoria.

A tramitación das solicitudes fíxose de acordo co manual de procedemento para a xestión da solicitude unificada de axudas PAC 2008 e outras primas gandeiras establecido pola Dirección do Fogga.

No ano 2008 recibíronse en Galicia 2.677 solicitudes da prima a produtores de ovino-cabrún por un total de 153.385 cabezas e 57,29 animais por explotación.

Cadro 4.28  
Solicitudes de primas de ovino-  
cabrún recibidas segundo pro-  
vincia. Campaña 2008

Provincia	Produtores	Cabezas
<b>A Coruña</b>	276	11.939
<b>Lugo</b>	835	44.522
<b>Ourense</b>	1.136	84.832
<b>Pontevedra</b>	430	12.092
<b>Galicia</b>	2.677	153.385

### > Xestión de dereitos de prima

De acordo co establecido no Real decreto 1839/1997 polo que se establecen normas para a realización de transferencias e cesións de dereitos de prima e para o acceso á reserva nacional para os produtores de ovino e cabrún, xestionáronse en Galicia comunicacións de transferencias/ cesións por un total de 12.136 dereitos, segundo se indica no cadro seguinte:

Provincia	Transferencias				Cesións		Total	
	Con explotación		Sen explotación		Solic.	Dereitos	Solic.	Dereitos
	Solic.	Dereitos	Solic.	Dereitos				
A Coruña	4	190	23	361	2	30	29	581
Lugo	12	596	66	1.964	8	200	86	2.760
Ourense	35	2.961	139	4.622	22	661	196	8.244
Pontevedra	5	135	24	384	3	32	32	551
Galicia	56	3.882	252	7.331	35	923	343	12.136

Cadro 4.29  
Transferencias e cesións de dereitos de prima de ovino-cabrún. Campaña 2008

Destes dereitos, 7.331 (60.41 %) corresponden a transferencias sen explotación, practicamente na súa totalidade entre explotacións situadas en Galicia. Outros 3.882 dereitos (31.98 %) corresponden a transferencias con explotación por cambios de titularidade ou similares. Os 923 dereitos restantes (7,60 %) son cesións temporais entre explotacións.

### > Reserva Nacional

No marco do Real Decreto 1839/1997 publicouse a orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación APA/75/2008, de 23 de xaneiro, pola que se determina a dispoñibilidade de dereitos a prima da reserva nacional para o seu reparto entre os produtores de ovino e cabrún e os que manteñan vacas nutrices, con efectos a partir de 2008.

Nesa orde estableceuse a posibilidade de admitir solicitudes de dereitos da reserva nacional de ovino e cabrún para a campaña 2008, fixando o prazo da solicitude entre o 26 de xaneiro e 27 de febreiro de 2008.

Non poderán obter asignación os produtores que:

- a) Teñan transferido dereitos nos anos 2006 ou 2007.
- b) Non utilizaron un mínimo do 90 % dos dereitos dispoñibles en 2007.
- c) Teñan transferidos ou cedido dereitos para o ano 2008.

d) Foran excluídos da prima por negligencia grave en 2005, 2006 ou 2007.

e) Foran excluídos dos programas de saneamento gandeiro oficial por causas atribuídas ao interesado.

En Galicia presentáronse un total de 298 solicitudes por un total de 8307 dereitos, obtiveron asignación 285 produtores por un total de 7973 dereitos, segundo se indica no cadro 4.30. Máis do 50% dos dereitos asignados en Galicia fórono a produtores da provincia de Ourense.

Cadro 4.30  
Solicitudes e dereitos. Asignación de dereitos da reserva nacional de ovino-cabrún para a campaña 2008

Provincia	Solicitudes 2º convocatoria		Dereitos asignados 2º convocatoria		Asignación/solicitud (%)	
	Produtores	Dereitos solicitados	Produtores	Dereitos asignados	Produtores	Dereitos
<b>A Coruña</b>	40	714	39	701	97,50	98,18
<b>Lugo</b>	92	3.315	88	3.112	95,65	93,88
<b>Ourense</b>	116	2.823	108	2.713	93,10	96,10
<b>Pontevedra</b>	50	1.455	50	1.447	100,00	99,45
<b>Galicia</b>	298	8.307	285	7.973	95,64	95,98

Obtiveron asignación da reserva nacional nesta segunda convocatoria para a campaña 2008, (hobera outra en setembro de 2007) 285 produtores por 7.973 dereitos o que significa que foron aprabadas casi o 95 % das solicitudes e por perto do 95 % dos dereitos solicitados.

No ano 2007 (1ª convocatoria) houbo una asignación de 15.087 dereitos a 472 gandeiros, tamén para a campaña 2008. Polo tanto para esa campaña asignáronse en Galicia 23.060 dereitos a 757 gandeiros.

En relación co total de dereitos asignados a produtores de ovino/cabrún para a campaña 2007, esta distribución da reserva supón un incremento do 15.54 % dos dereitos dispoñibles, pasando de 148.411 a 163.685 dereitos, chegando case ao nivel de dereitos que tiñan asignados os gandeiros galegos no ano 2001 (164.091).

Despois de integradas as transferencias de dereitos de prima de ovino e cabrún para a campaña 2008 e asignados os dereitos da reserva nacional en función das solicitudes presentadas, para a campaña 2008, os produtores galegos dispuñan de 163.673 dereitos distribuídos entre 3.073 explotacións, a razón de 53.26 dereitos por explotación, indicándose no cadro seguinte a distribución provincial.



Provincia	Produtores		Dereitos		Dereitos por produtor
	Número	%	Número	%	
A Coruña	318	10,34	12.898	7,88	40,56
Lugo	935	30,42	48.195	29,44	51,55
Ourense	1.308	42,55	89.419	54,63	68,36
Pontevedra	513	16,69	13.173	8,05	25,68
Galicia	3.074	100,00	163.685	100,00	53,25

Cadro 4.31  
Distribución provincial de produtores e dereitos de prima de ovino-cabrún. Campaña 2007

As explotacións de ovino-cabrún, tanto no relativo a produtores 1.308 (42,56 %) como a dereitos de prima 89.419 (54,63 %) concéntranse na provincia de Ourense, que tamén ten a maior cantidade de dereitos por explotación, 68,36.






Gráfico 4.6  
Distribución provincial de produtores e dereitos de prima por ovino-cabrún. Campaña 2008

No cadro e nos dous gráficos seguintes resúmese a distribución de produtores e dereitos de ovino-cabrún segundo o tamaño da explotación, indicando en número de dereitos por produtor, para a campaña 2008 en Galicia. Ponse en evidencia o reducido tamaño dun alto número de explotacións o que condiciona a súa rendibilidade e viabilidade. Unicamente un 11,58% das explotacións, cun 55,70 % dos dereitos, teñen máis de 100 dereitos por explotación. No outro extremo, 1.740 explotacións (55,99%) con 21.429 dereitos (14,44%) teñen menos de 20 dereitos por produtor.

Rango (nº de dereitos)	Produtores		Dereitos	
	Número	%	Número	%
De 1 a 10	454	14,77	3.335	2,04
De 10 a 20	1.107	36,01	16.350	9,99
De 20 a 50	776	25,24	24.966	15,25
De 50 a 100	350	11,39	25.151	15,37
Máis de 100	387	12,59	93.883	57,36
<b>Total</b>	<b>3.074</b>	<b>100,00</b>	<b>163.685</b>	<b>100,00</b>

Cadro 4.32  
Distribución de produtores de ovino-cabrún e dereitos segundo dereitos por produtor. Campaña 2008

Gráfico 4.7  
Distribución de produtores e dereitos de ovino-cabrún segundo dereitos por produtor. Campaña 2007



A estrutura produtiva do sector é fráxil pero relativamente estable no correspondente aos dereitos totais dos produtores, aínda que o número destes diminúe. No último ano houbo un menor descenso dos produtores e mesmo incrementáronse os dereitos asignados como consecuencia da asignación de dereitos de prima da reserva nacional.

Nos últimos sete anos a evolución do número de produtores e dereitos de prima de ovino-cabrún indícase no cadro e gráfico seguintes.

Cadro 4.33  
Evolución de produtores e dereitos de prima de ovino-cabrún. Galicia 2001 a 2008

Campaña	Produtores			Dereitos		
	Número	Variación		Número	Variación	
		Número	% ano anterior		Número	% ano anterior
2001	4.262			164.091		
2002	4.011	-251	-5,89	162.516	-1.575	-0,96
2003	3.875	-136	-3,39	155.962	-6.554	-4,03
2004	3.699	-176	-4,54	157.380	1.418	0,91
2005	3.515	-184	-4,97	155.123	-2.257	-1,43
2006	3.307	-208	-5,92	152.212	-2.911	-1,88
2007	3.108	-199	-6,02	148.411	-3.801	-2,50
2008	3.074	-34	-1,09	163.685	15.274	10,29




Gráfico 4.8  
Evolución de produtores e dereitos de prima de ovino-cabrún. Galicia 2001 a 2008

O resumo é unha perda continuada de produtores, 1.188 (27,87 % dos asistentes en 2001), e tamén de dereitos, agás no último ano no que se incrementaron, cun saldo negativo, 406 (0,25 % dos dereitos en 2001), no total do período de 7 anos. Estas cifras equivalen a unha diminución anual media do 3,98 % dos produtores e do 0,3 % dos dereitos de prima.

#### > Plan de controis

No marco do disposto no manual de procedemento para a xestión da solicitude unificada de axudas PAC 2008 e no plan nacional de controis administrativos e sobre o terreo de axudas gandeiras para o ano 2008, redactado polo FEGA, o Fogga aprobou o plan correspondente para aplicalo na Comunidade Autónoma de Galicia. Nel recóllense as distintas comprobacións que hai que realizar, así como os controis sobre o terreo, que deben afectar, como mínimo, a un 10% dos solicitantes de primas de ovino/cabrún. O número de explotacións e animais controlados resúmese no cadro seguinte:

Provincia	Explotacións	Animais
A Coruña	37	4.267
Lugo	97	12.429
Ourense	137	23.140
Pontevedra	63	2.794
Galicia	334	42.630

Cadro 4.34  
Explotacións de ovino/cabrún e animais inspeccionados. Campaña 2007

En relación coas solicitudes recibidas, 2.677, o número de controis realizados, 334, supón o 12,48 % e os animais afectados polo control, 42.630, o 27,79 % dos 153.385 solicitados, superándose os mínimos establecidos no plan de control.

### > Plan de controis de calidade

O plan de controis da campaña establece que se realizará un control da calidade dos controis sobre o terreo e para iso faise unha supervisión aleatoria do 2% do total das actas de control de primas de ovino/cabrún da campaña 2006, collendo como mínimo 2 actas por controlador para comprobar a súa correcta redacción, e logo a repetición dos controis sobre o terreo nun mínimo do 50% das ditas actas, segundo se recolle no seguinte cadro:

Cadro 4.35  
Calidade dos controis sobre o terreo nas explotacións da campaña 2006

Provincia	Ovino/cabrún		
	Controis totais realizados	Supervisión >2%	Repetición do 50% das actas no campo
<b>A Coruña</b>	28	2	1
<b>Lugo</b>	95	2	1
<b>Ourense</b>	193	4	2
<b>Pontevedra</b>	65	2	1
<b>Galicia</b>	381	10	5

Supervisáronse 10 actas de control e repetíronse 5 controis de campo.

### > Pagamentos de axudas aos produtores de ovino-cabrún

Para a campaña 2008 efectuáronse os pagamentos de primas a produtores de ovino-cabrún que solicitaron a prima nos primeiros meses do mesmo ano.


No cadro seguinte indícanse as primas pagadas en cada provincia aos produtores de ovino e cabrún na campaña 2008, ata 31 de decembro.

Cadro 4.36  
Primas ovino-cabrún. Produtores, cabezas e pagos totais segundo provincias. Campaña 2008

Provincia	Produtores	Cabezas			Pagamentos totais (€)
		Ovinos	Caprinos	Total	
<b>A Coruña</b>	253	9.302	1.240	10.542	115.323,95
<b>Lugo</b>	736	28.074	6.089	34.163	428.861,48
<b>Ourense</b>	1.074	65.093	10.823	75.916	962.356,79
<b>Pontevedra</b>	393	8.240	1.665	9.905	115.979,22
<b>Galicia</b>	2.456	110.709	19.817	130.526	1.622.521,44

Un total de 2.456 produtores percibiron 1.622.521,44 euros por 130.526 cabezas, das que 110.709 son ovellas e 19.817 cabras. A prima por explotación foi de 660.63 euros para un censo medio de 53.14 cabezas. As porcentaxes de prima de cada provincia son de 7,10 % na Coruña, 26,43 % en Lugo, 59,31 % en Ourense e 7,15% en Pontevedra.

No mapa nº 8 reflíctese a distribución de importes pagados aos produtores de ovino/cabrún de cada concello en concepto de primas, no que se observa que só en 2 concellos as axudas sobrepasan os 50.000 euros, existindo 64 concellos nos que non se perciben axudas por esta prima.



Mapa 8  
Distribución por concellos do pagamento de ovino-cabrún ligado á produción. Pagamentos realizados polo FOGGA do 01.01.2008 ao 31.12.2008

A prima total distribúese en dous conceptos, unha prima base, e unha prima específica de zonas desfavorecidas, segundo se indica no cadro seguinte, para cada provincia.

Cadro 4.37  
Primas por ovino-cabrún. Distribución provincial segundo o tipo de pago. Campaña 2008

Provincia	Importes pagados (€)		
	Prima base	Prima específica	Total
<b>A Coruña</b>	97.001,83	18.322,12	115.323,95
<b>Lugo</b>	319.412,07	109.449,41	428.861,48
<b>Ourense</b>	716.553,77	245.803,02	962.356,79
<b>Pontevedra</b>	93.164,90	22.814,32	115.979,22
<b>Galicia</b>	1.226.132,57	396.388,87	1.622.521,44

No conxunto de Galicia a porcentaxe da prima base é do 75,56 %, e a prima específica do 24,44 %.

Nos pagamentos executados na campaña 2008 fíxose unha redución da axuda do 5% do importe total en concepto de modulación (Regulamento 1782/2003) para dedicar a programas de desenvolvemento rural. Antes do 30 de setembro do 2008 farase un pagamento adicional por un importe até o 5% dos primeiros 5.000 euros recibidos polo solicitante no conxunto das axudas da PAC solicitadas no ano 2008, sen superar o límite máximo para este concepto asignado a España.

#### > Comparación coa campaña anterior

Os pagamentos da campaña 2008 en relación cos efectuados para a campaña 2007, ata 31 de decembro, supoñen o seguinte:

- Un incremento do 1,0 % das cabezas cabezas primadas. Como consecuencia do incremento de dereitos da reserva.
- Unha diminución do 3.24 % no número de produtores con prima.
- Un aumento do 1 % nos pagamentos executados até finais do ano polo incremento das cabezas primadas.

#### > Evolución das axudas por ovino-cabrún no período 1995-2008

No cadro seguinte indícase a evolución do número de produtores que solicitan a prima, dos animais solicitados e dos primados no período 1995-2008. Ao longo dese período mantense a tendencia decrecente do número de produtores e do número de animais primados.

Campaña	Solicitantes primados	Importe das primas (€)	Animal/solicitante	Euros/solicitante
1995	5.240	4.632.216,00	29,6	884,00
1996	5.117	3.550.696,00	31,5	693,90
1997	4.739	3.271.404,00	33,8	690,30
1998	4.448	4.385.821,00	35,4	986,00
1999	4.321	4.349.149,00	37,2	1.006,50
2000	4.107	3.643.014,00	38,5	887,00
2001	3.928	2.290.481,00	39,5	583,10
2002	3.647	4.186.336,00	41,3	1.147,90
2003	3.478	4.076.199,00	42,4	1.172,00
2004	3.264	4.148.450,00	45,8	1.271,00
2005	2.924	3.715.111,00	50,3	1.270,50
2006	2.853	1.812.044,00	49,6	635,10
2007	2.538	1.648.947,05	53,6	649,70
2008	2.456	1.622.521,44	56,2	660,64


Cadro 4.38  
Primas por ovino-cabrún.  
Evolución anual de solicitudes e animais solicitados e primados. Galicia 1995-2008

No cadro e gráfico seguintes resúmense os importes das primas percibidas polos produtores no período 1995-2008 e o número destes, así como a media de animais e prima por solicitante.

Campaña	Solicitudes	Animais solicitados	Animais primados	Prima/solic. (%)
1995	5.240	184.990	155.023	83,8
1996	5.117	194.128	161.267	83,1
1997	4.739	189.140	160.189	84,7
1998	4.448	182.776	157.487	86,2
1999	4.321	183.465	160.808	87,7
2000	4.107	180.894	158.087	87,4
2001	3.928	175.087	155.067	88,6
2002	3.647	168.212	150.825	89,7
2003	3.478	161.512	147.758	91,5
2004	3.264	162.885	149.565	91,8
2005	3.149	163.012	147.144	90,3
2006	2.951	163.415	141.606	86,7
2007	2.808	155.326	136.097	87,6
2008	2.677	153.385	137.949	89,9

Cadro 4.39  
Primas por ovino-cabrún.  
Evolución anual de solicitantes e primas pagadas. Galicia 1995-2008

Gráfico 4.9  
Primas por ovino-cabrún.  
Evolución anual de solicitantes e primas pagadas. Galicia 1995-2008



A oscilación dos importes dun a outro ano débese a que, no pasado, as primas se fixaban en función da evolución dos prezos de cada campaña. Prezos da campaña altos daban lugar a menor compensación coas primas. Na actualidade as primas son fixas e independentes dos prezos.

Os beneficiarios de 2008, 2.456, son o 46.8 % dos existentes en 1995.

A evolución de animais primados por explotación foi positiva ao longo do período, pasando de 29,6 en 1995 a 56,2 en 2008, o que supón un incremento de 26,6 cabezas/ explotación.

## 4.3. LEITE E PRODUTOS LÁCTEOS

### 4.3.1. MARCO COMUNITARIO PARA O SECTOR

O Regulamento (CE) nº 1234/2007 do Consello, de 22 de outubro de 2007 polo que se crea unha organización en común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM), entre os que se atopa o leite e os produtos lácteos.

O elemento fundamental para a regulación do sector do leite e dos produtos lácteos é o réxime aplicado á produción e comercialización, baseado nas cotas. A Unión Europea fixa para cada Estado membro as cantidades máximas garantidas para a comercialización de leite para cada campaña. No caso de que un Estado membro supere as cantidades de referencia fixadas está establecida una taxa sobre o volume de leite que se comercialice por encima desas cantidades de referencia.

Ademais existen as seguintes medidas de intervención:



- Compras en réxime de intervención pública de manteiga e leite destonado en pó desde o 1 de marzo ata o 31 de agosto. Ata uns límites de 30.000 t e 109.00 t respectivamente a precio de intervención e a partir desas cantidades mediante licitación

- Axuda para o almacenamento privado de manteiga

- Axuda para o subministro de leite e produtos lácteos a alumnos de centros escolares

- Axuda á compra de nata, manteiga e manteiga concentrada a prezos reducidos para fabricantes de pastelería e xeados e outros destinos.

- Axuda ao leite destonado e ao leite destonado en po destinado á alimentación animal.

- Axuda ao leite destonado transformado en caseina e caseinatos.

- Medidas especiais de apoio ao mercado por restricións no comercio derivadas da aplicación de medidas para loitar contra a propagación de enfermidades animais, ou por perda da confianza dos consumidores por riscos para a saúde pública ou a sanidade animal.

No marco do artigo 69 do Regulamento 1782/2003 está establecida un pagamento adicional no sector lácteo para favorecer a calidade do leite cru producido nas explotacións

#### **4.3.2. RESUMO DAS NORMAS APLICABLES EN 2008**

##### **4.3.2.1. Taxa suplementaria no sector lácteo**

O réxime da taxa láctea regúlase no Estado, para a campaña 2007-2008, a través do Real decreto 754/2005, de 24 de xuño, polo que se regula o réxime da taxa láctea, nos seus aspectos de xestión, recadación e control.

A nivel autonómico, no ano 2007 publicouse o Decreto 158/2007, do 21 de xuño, polo que se regula en Galicia a aplicación do réxime de taxa láctea, que entrou en vigor na campaña 2007-2008.

O Fogga, no marco da encomenda de xestión de actuacións de intervención e regulación de mercados establecida entre o MAPA e a Comunidade Autónoma de Galicia o 25 de marzo de 1996, realiza os controis de explotacións, compradores de leite e industrias situadas en Galicia.

A aplicación do réxime de cotas fai necesaria a asignación de cantidades de referencia individuais (cotas) aos produtores, de maneira que a suma delas non exceda as cantidades máximas garantidas para o Estado membro.

Como elementos base no réxime de cotas para os produtores destácanse os seguintes:

- Asignación, reasignación e anulación de cotas a produtores.
- Xestión da reserva nacional de cotas.
- Transvase de cotas de venda directa a cotas de entrega a compradores.
- Transferencias de cotas.
- Cesións temporais de cota.

A xestión destes aspectos correspóndelle en Galicia á Subdirección Xeral de Apoio ás Explotacións Agrarias.

Desde a perspectiva da xestión da taxa láctea considéranse elementos fundamentais:

- Autorización de compradores de leite.
- Declaración de compras e vendas feitas polos compradores.
- Declaracións de vendas dos gandeiros con cota para venda directa.

#### **4.3.2.2. Pagamentos adicionais do sector lácteo (art. 69 Regulamento 1782/2003)**

De acordo co establecido no artigo 3.2 do Real Decreto 1617/2005, polo que se regula a concesión de dereitos aos agricultores dentro do réxime de pagamento único, retívoise un 10% da prima láctea e pagamentos adicionais no sector lácteo por aplicación do artigo 69 do Regulamento (CE) nº 1782/2003 para conceder unha axuda aos produtores de gando vacún leiteiro destinada a favorecer a calidade do leite cru producido nas explotacións, co compromiso do gandeiro de acollerse a un sistema de aseguramento da calidade.

A axuda regúlase nos artigos 88 e 89 do Real Decreto 1470/2007, de 2 de novembro sobre aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.

Existe un límite de pagamentos para todo o Estado fixado en 19.700.000 euros. Polo Ministerio de medio Ambiente e Medio Rural e Mariño establecerase anualmente o importe do pagamento adicional por cada quilo de cota dispoñible a 31 de marzo de cada ano, cun máximo de 500.0000 quilos por explotación agás no caso de explotacións asociativas.

#### **4.3.2.3. Axuda á utilización de leite e derivados nos centros escolares**

As axudas á utilización de leite e derivados nos centros escolares comprende o período que vai entre o 1 de setembro de 2007 e o 31 de agosto de 2008.

O Regulamento (CE) nº 1255/1999, do Consello, do 17 de maio, establece a organización común de mercados (OCM) no sector do leite, coa conseguinte previsión no seu artigo 14 dunha axuda comunitaria para a subministración aos alumnos de centros escolares de determinados produtos lácteos transformados; este regulamento estivo en vigor ata o 30 de xuño de 2008. Foi derogado polo Regulamento (CE) nº 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas, aplicable no sector do leite e produtos lácteos a partir do 1 de xullo de 2008.

O Regulamento (CE) nº 2707/2000, da Comisión, do 11 de decembro, establece as modalidades de aplicación do anterior regulamento, no que atinxe á concesión dunha axuda comunitaria para a subministración de leite e de determinados produtos lácteos a alumnos de centros escolares. Este regulamento foi modificado polo Regulamento (CE) nº 1544/2007, da Comisión, do 20 de decembro, concretamente no que se refire á lista de produtos que se poden beneficiar da axuda.

As distintas modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares establécense no Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, modificado polos reais decretos 460/2004, do 18 de marzo, e 313/2005, do 18 de marzo.

Neste contexto a Resolución do 20 de decembro de 2007 estableceu o procedemento para a tramitación e concesión das axudas aos alumnos de centros escolares para o consumo de leite e determinados produtos lácteos no ámbito da nosa comunidade autónoma. Como consecuencia da publicación do Regulamento (CE) nº 1544/2007, esta resolución foi modificada pola Resolución do 25 de febreiro de 2008.

Poden beneficiarse desta axuda os alumnos que asistan regularmente aos centros escolares, recoñecidos oficialmente, de educación infantil, primaria, secundaria e especial.

A axuda poden solicitala os centros, as asociacións de pais ou os provedores de produtos. A axuda concédese para leite, leite chocolateado, iogur ou queixo por unha cantidade global máxima de 0,25 litros de equivalente de leite por alumno e día e deben consumirse nas dependencias do centro escolar.

O importe unitario da axuda por 100 Kg de produto para o período do 01.07.2007 ao 31.12.2007 varía de 18,15 euros para o leite de máis do 3,5% de graxa até 10,96 euros para leite de entre 1,5% e 1,8% de graxa; a partir do 01.01.2008 o importe da axuda é de 18,15 euros para todo o leite, independentemente do seu contido en graxa. No caso do queixo, o importe da axuda durante todo o período varía de 54,45 euros/100 Kg para queixos frescos e fundidos non aromati-

zados cun contido de materias graxas igual ou superior ao 40% até 138,85 euros/100 Kg para queixos nin frescos nin fundidos cun contido de materias graxas igual ou superior ao 45%.

Estes importes supoñen un descenso da axuda unitaria dun 2,5 % en relación co ano anterior, en termos xerais.

#### **4.3.2.4. Axuda ao almacenamento privado de manteiga**

O período para as operacións de entrada de manteiga nos almacéns frigoríficos no ano 2008 quedou fixado entre o 1 de marzo e o 15 de agosto. O período de almacenamento comprende entre 90 e 210 días polo que toda a manteiga debe ser retirada antes do 28 de febreiro de 2009.

A normativa comunitaria sobre os mecanismos do almacenamento privado de manteiga está constituída polo Regulamento (CEE) nº 2220/85 da Comisión, do 22 de xullo, polo que se establecen as modalidades comúns de aplicación do réxime de garantías para os produtos agrícolas, o Regulamento (CE) nº 1255/99 do Consello, do 17 de maio, polo que se establece a organización común de mercados no sector do leite e dos produtos lácteos, e o Regulamento (CE) nº 105/08 da Comisión, do 5 de febreiro, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1255/99 do Consello no que respecta as medidas de intervención no mercado da manteiga.

A nivel nacional está constituída polo Manual de procedemento nº 3/04 para a xestión das axudas ao almacenamento privado de manteiga e nata e a Instrución xeral nº 4/04, ámbolos dous do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA).

### **4.3.3. RESULTADOS DA XESTIÓN**

#### **4.3.3.1. Taxa suplementaria no sector lácteo. Balance da campaña láctea 2007-2008**

##### **A) Produtores de leite en Galicia. Final período 2007-2008**

Os períodos, a efectos de réxime da taxa láctea, teñen o seu inicio o 1 de abril e rematan o 31 de marzo do ano seguinte. Polo tanto, no ano 2008 o 31 de marzo rematou o período 2007-2008 e o 1 de abril iniciouse o período 2008-2009.

A distribución de produtores e cota en Galicia correspondente ao final da campaña 2007-2008 indícase no cadro e gráfico seguintes para os produtores con cota de venda a compradores.

Provincia	Produtores	Cotas(Tn)	Tn/Produtor
<b>A Coruña</b>	6.144	912.728,780	148,556
<b>Lugo</b>	5.639	1.017.309,255	180,406
<b>Ourense</b>	190	20.739,925	109,158
<b>Pontevedra</b>	2.222	250.318,565	112,655
<b>Galicia</b>	14.195	2.201.096,525	155,061

Cadro 4.40  
Distribución provincial de produtores con venda á industria e cota láctea. Galicia, final período 2007-2008




Gráfico 4.10  
Produtores e cota láctea. Distribución provincial. Final período 2007-2008

Na campaña 2007-2008 existían en Galicia 14.195 explotacións con cota de entrega a compradores cun total de cota asignada de 2.201.096,525 toneladas, o que supón unha media de 155,061 toneladas por gandeiro. Esta media varía de 109,158 toneladas na provincia de Ourense a 180,406 en Lugo, provincia esta última que tamén ten a maior cantidade de cota asignada: 1.017.309,255 toneladas (46,22 % do total de Galicia). O maior número de produtores de leite está na provincia da Coruña, con 6.144, o que supón o 43,28 % do total de Galicia.

En relación cos produtores con venda directa, segundo se indica no cadro 4.41, un 86,09 % deles e un 88,34 % da cota correspondeulle á provincia da Coruña:

Provincia	Produtores	Cota (quilos)	Vendas (quilos)
<b>A Coruña</b>	99	4.387.193	4.232.906
<b>Lugo</b>	12	557.325	524.012
<b>Ourense</b>	0	0	0
<b>Pontevedra</b>	4	21.763	15.043
<b>Galicia</b>	115	4.966.281	4.771.961


Cadro 4.41  
Distribución provincial de produtores con venda directa e cota láctea. Galicia, período 2007-2008

No relativo ao tamaño das explotacións de leite de Galicia, indícase no cadro seguinte a situación a finais da campaña 2007-2008.

Cadro 4.42  
Distribución de produtores de leite con venda a compradores e cota, segundo cota por produtor. Galicia. Final período 2007-2008

Tn/produtor	Produtores		Cota	
	Número	%	Toneladas	%
1 a 25	1.970	13,88	27.616,877	1,25
25 a 50	1.906	13,43	70.556,476	3,21
50 a 75	1.653	11,64	102.629,530	4,66
75 a 200	5.124	36,10	656.094,217	29,81
200 a 300	1.739	12,25	420.291,338	19,09
>300	1.803	12,70	923.908,087	41,98
<b>Total</b>	<b>14.195</b>	<b>100,00</b>	<b>2.201.096,525</b>	<b>100,00</b>

Gráfico 4.11  
Cota láctea. Distribución de produtores e cota segundo cota por produtor



Os produtores con cota inferior a 75 toneladas (5.529) supoñen o 35,47 % dos produtores galegos e teñen asignada o 9,12 % da cota de Galicia. No extremo contrario, os gandeiros con cota maior de 200 toneladas, 3.542 (24,95 % do total), teñen asignada o 61,07 % da cota de Galicia.

## B) Compradores de leite en Galicia. Final período 2007-2008

No período 2007/2008 a compra de leite en Galicia realizárona un total de 81 compradores, que recolleron 2.240.527,105 toneladas de leite, sen axustar pola porcentaxe de graxa, a 14.566 explotacións, aínda que unha explotación puido ter vendido leite a máis dun comprador ao longo do período. No cadro seguinte resúmese a información dos compradores que actuaron en Galicia, segundo o seu domicilio social.

Domicilio comprador	Compradores		Gandeiros		Entregas			
	Núm.	%	Núm.	%	Núm. <sup>(*)</sup>	%	Toneladas	%
<b>Galicia</b>	71	87,65	11.441	78,55	12.203	78,57	1.563.278,073	69,77
<b>Resto do Estado</b>	10	12,35	3.125	21,45	3.328	21,43	677.249,032	30,23
<b>Total</b>	81	100,00	14.566 <sup>(**)</sup>	100,00	15.531	100,00	2.240.527,105	100,00

Cadro 4.43  
Compras de leite en Galicia segundo domicilio do comprador. Período 2007-2008

(\*) Número de entregas, sucesivas e/ou simultáneas dun mesmo produtor a distintos compradores.

(\*\*) Número total de gandeiros con entregas en Galicia e resto de España: existen casos de produtores que entregan aos dous tipos de compradores (razón pola que este dato é superior ao número de produtores reais de Galicia: 14.195)

Aínda que en Galicia adquiren leite a gandeiros galegos 81 compradores, 10 deles teñen domicilio social fóra de Galicia, o que significa o 12,35% do total e recollen o 30,23% do leite da Comunidade Autónoma. Na campaña anterior o leite recollido por compradores con domicilio fóra de Galicia foi do 29,37 % do total de leite recollido.

No cadro seguinte resúmese, por cantidade comprada en Galicia, a distribución de compradores e cantidades adquiridas no período 2007-2008.

Toneladas Tn/período	Domicilio social en Galicia			Domicilio social fóra de Galicia		
	Compradores	Núm. de entregas	Entregas (Kg)	Compradores	Gandeiros	Entregas (Kg)
< 100	1	1	912	0	0	0
100 a 500	6	45	1.119.001	1	2	358.422
500 a 1.000	5	134	4.258.147	0	0	0
1.000 a 10.000	28	1.762	133.567.739	1	19	5.856.304
10.000 a 50.000	25	4.524	523.451.522	3	440	53.476.820
50.000 a 100.000	2	849	117.575.758	2	842	132.959.034
> 100.000	4	4.888	783.304.994	3	2.025	484.598.452
<b>Total</b>	71	12.203	1.563.278.073	10	3.328	677.249.032

Cadro 4.44  
Compras de leite en Galicia segundo a cantidade adquirida polo comprador na Comunidade Autónoma. Período 2007-2008

No período 2006-2007 os compradores que actuaron en Galicia indícanse no cadro seguinte:

Cadro 4.45  
Compras de leite en Galicia segundo domicilio do comprador. Período 2006-2007

Domicilio comprador	Compradores		Gandeiros		Entregas	
	Núm.	%	Núm.	%	Toneladas	%
<b>Galicia</b>	73	86,90	13.111	78,28	1.551.116,020	70,63
<b>Resto do Estado</b>	11	13,10	3.638	21,72	644.883,143	29,37
<b>Total</b>	84	100,00	16.749	100,00	2.195.999,163	100,00

Comparando o período 2006-2007 co 2007-2008, obsérvase que neste último período hai 3 compradores menos (-3,58 %) e o número de entregas diminuíron nun 7,28 %, mentres que as compras incrementáronse nun 2,03 %. O aumento de compras por parte dos compradores domiciliados en Galicia foi do 0,78 % e o dos do resto do Estado foi dun 5,02%.

### C) Controis relativos á taxa láctea

Os controis realizados polo FOGGA no ano 2008 no marco da encomenda de xestión, no relativo á taxa láctea, enmárcanse no plan de control establecido polo FEGA para as declaracións de compras efectuadas polos compradores e de vendas feitas polos gandeiros no período 2007-2008, que rematou o 31 de marzo deste último ano.

A distribución provincial de compradores con domicilio social en Galicia figura no cadro seguinte:

Cadro 4.46  
Distribución provincial de compradores con domicilio social en Galicia. Período 2007-2008

Provincia	Número	Compras
<b>A Coruña</b>	25	586.092,369
<b>Lugo</b>	32	883.696,940
<b>Ourense</b>	4	1.470,325
<b>Pontevedra</b>	10	92.018,439
<b>Galicia</b>	71	1.563.278,073

A normativa comunitaria aplicable establece que o número de controis a realizar non poderá ser inferior ao 40% da cantidade de leite declarado no período. A selección de empresas compradoras a controlar realizouna o FEGA mediante unha análise de risco no que interveñen máis de 10 criterios. No caso de gandeiros con vendas directas, a normativa establece que o número de controis non poderá ser inferior ao 5% dos produtores con cota para venda directa. A selección, feita tamén polo FEGA, tivo en conta criterios de risco.

No cadro seguinte resúmense os controis de taxa realizados en Galicia para a campaña 2007-2008.



Provincia	Compradores/operadores			Produtores		Transporte
	Número	Compras (Tn)	Operadores	Venda directa	Venda industrias	
<b>A Coruña</b>	12	451.768	2	2	109	74
<b>Lugo</b>	5	45.053	3	0	109	80
<b>Ourense</b>	1	897	0	0	4	6
<b>Pontevedra</b>	2	3.370	1	0	10	20
<b>Galicia</b>	20	501.089	6	2	232	180

Cadro 4.47  
Distribución provincial dos  
controis da taxa no sector  
lácteo. Compradores e gan-  
deiros: campaña 2007-2008.  
Transporte: campaña 2007-  
2008

Realizáronse 20 controis a compradores con domicilio en Galicia (o 25 % do total), cunha entrega de leite de 501.089,872 toneladas, o que supón o 32 % das entregas a compradores con domicilio en Galicia e o 22 % das entregas totais de gandeiros galegos.

Tamén se controlaron 232 gandeiros con explotación en Galicia e entregas a compradores e 2 produtores con cota para venda directa no período 2007-2008.

Ademais fixéronse 180 controis ao transporte en toda a comunidade autónoma para o período 2007/2008.

Aparte destes controis, e tamén en relación coa taxa láctea, o Fogga realizou funcións de asesoramento a compradores en relación coas altas, baixas e declaracións de compras e doutro tipo que deben efectuar ao FEGA.

#### > Liquidación da taxa láctea. Campaña 2007-2008

No mes de agosto de 2008 o FEGA realizou liquidación da taxa correspondente á campaña 2007-2008, da que se xunta un resumo no cadro 4.48 para o conxunto do Estado e tamén a correspondente aos produtores con explotación na Comunidade Autónoma de Galicia.

Da liquidación resulta que non houbo superación da cota do Estado xa que a diferenza entre entregas axustadas declaradas e a cota global dispoñible foi de -122.239 toneladas.

Na Comunidade Autónoma de Galicia as entregas axustadas superaron a cota en 39.431 toneladas.

Cadro 4.48  
Balance da liquidación da taxa láctea. Entregas a compradores. Campaña 2007-2008

	España	Galicia	G/E (%)
<b>ENTREGAS A COMPRADORES</b>			
- Produtores con entregas	25.383	14.195,00	55,92
- Cota láctea (EC) (Tn)	6.046.237	2.201.096,00	36,40
- Entregas axustadas (Tn)	5.923.998	2.240.527,00	37,82
<b>SOBRANTES DE COTA</b>			
- Produtores	13.615	6.890,00	50,61
- Cota sobranante (Tn)	373.814	122.079,00	32,66
<b>REBASAMENTO DA COTA</b>			
- Produtores	11.768	7.305,00	62,08
- Rebasamento (Tn)	307.633	161.510,00	52,50
<b>BALANCE (sobranante-rebasamento) (Tn)</b>	-66.181	39.431,00	
<b>LIQUIDACIÓN DESPOIS DA COMPENSACION</b>			
- Cantidade (Tn)	0	0,00	
- Importe (€)	0	0,00	
<b>RETENCIONES A CONTA</b>			
- Produtores	11.707	7.218,00	61,66
- Importe (€)	8.663.137	4.574.922,32	52,81
<b>PRODUTORES CON TAXA PARA PAGAR</b>			
- Número	0	0,00	0,00
- Importe (€)	0	0,00	0,00

Aínda que o número de produtores con rebasamento de cota en Galicia foi de 7.305, non houbo produtores con taxa para pagar.

#### > Comparación coa campaña 2006-2007

En relación coa campaña 2006-2007, na campaña 2007-2008 cabe salientar os seguintes parámetros que reflicten a evolución da estrutura do sector:

- Unha diminución do número de produtores con entrega a compradores de 15.589 a 14.195, o que implica un descenso de 1.384 (-8,94 %).
- Un incremento da cota de venda a compradores, que pasou de 2.178.873 a 2.201.096 toneladas, cun aumento de 22.223 toneladas equivalente a un 1,02 % da cota da campaña anterior.
- Un aumento da cota por explotación de 139,770 toneladas a 155,061 toneladas, o que supón un incremento do 10,94 %.
- As entregas de leite a compradores incrementáronse de 2.195.999 toneladas a 2.240.527, o que supón un aumento do 2,03 %.

- O leite comercializado por compradores con domicilio social en Galicia pasou do 70,63 % na campaña 2006-2007 ao 69,77% na campaña 2007-2008.

- Na campaña 2007/2008 ningún produtor de Galicia tivo que facer fronte ao pago de taxa láctea, despois da liquidación practicada polo FEGA, e realizouse a devolución de 4.574.922,32 euros a 7.218 produtores en concepto de retencións feitas ao longo da campaña.

#### 4.3.3.2. Pagamentos adicionais do sector lácteo (art. 69 Regulamento 1782/2003)

No ano 2008 xestionáronse as axudas do pagamento adicional do sector lácteo no marco da Orde da Consellería do Medio Rural de 31 de xaneiro de 2008, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e gandería e a indemnización compensatoria e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2008, estando incluída esta axuda na solicitude unificada PAC 2008 tramitada coa colaboración de entidades financeiras.

As solicitudes recibidas indícanse no cadro seguinte:

Provincia	Produtores		Cota dispoñible	
	Número	%	Toneladas	%
<b>A Coruña</b>	5.948	43,77	889.726,90	41,41
<b>Lugo</b>	5.408	39,80	995.193,30	46,32
<b>Ourense</b>	167	1,23	20.226,70	0,94
<b>Pontevedra</b>	2.065	15,20	243.262,70	11,32
<b>Galicia</b>	13.588	100,00	2.148.409,70	100,00

Cadro 4.49  
Pagamentos adicionais no sector lácteo. Solicitudes de prima recibidas por provincia. Campaña 2008

Presentáronse un total de 13.588 solicitudes cunha cota de 2.148.409.677 quilos, da que un 46,32 % foi solicitada por explotacións da provincia de Lugo.

#### > Plan de controis

Os controis sobre o terreo fixéronse no marco do plan establecido polo FEGA e de acordo co plan redactado polo Fogga para esta finalidade, sendo o número mínimo de controis a realizar do 2% dos produtores que solicitaron prima láctea no ano 2008.

No cadro seguinte indícanse os controis realizados en Galicia, por provincias.

Cadro 4.50  
Pagamentos adicionais no sector lácteo. Produtores de leite inspeccionados. Campaña 2008

Provincia	Explotacións inspeccionadas		Cota láctea inspeccionada	
	Número	%	Toneladas	%
<b>A Coruña</b>	357	48,44	92.952,01	49,79
<b>Lugo</b>	261	35,41	64.837,50	34,73
<b>Ourense</b>	3	0,41	132,13	0,07
<b>Pontevedra</b>	116	15,74	28.777,89	15,41
<b>Galicia</b>	737	100,00	186.699,53	100,00

O número de controis realizados, 737 supón o 5,42 % dos produtores que solicitaron pagamentos e o 8,69 % da cota solicitada. Do período 2007, fíxose un control de calidade superior ao 2% dos controis feitos no campo, resultando os seguintes:

Cadro 4.51  
Calidade dos controis sobre o terreo nas explotacións 2007

Provincia	Pagamento adicional sector lácteo		
	Controis totais realizados	Supervisión >2%	Repetición do 50% das actas no campo
<b>A Coruña</b>	178	4	2
<b>Lugo</b>	109	4	2
<b>Ourense</b>	6	2	1
<b>Pontevedra</b>	52	2	1
<b>Galicia</b>	345	12	6

#### > Pagamentos de axudas aos produtores de leite

O período de abono para o pagamento adicional lácteo é do 1 de decembro de 2008 ao 30 de xuño de 2009. No cadro seguinte resúmense os pagamentos para cada provincia até o 31 de decembro de 2008.


Cadro 4.52  
Pagamentos adicionais no sector lácteo. Produtores, cota láctea e pagos totais, por provincia. Campaña 2008

Provincia	Produtores		Cota primada		Pagamentos totais	
	Número	%	Tn	%	Euros	%
<b>A Coruña</b>	5.363	43,10	855.243,75	41,40	3.109.048,96	41,40
<b>Lugo</b>	5.078	40,81	963.876,79	46,66	3.503.800,78	46,66
<b>Ourense</b>	122	0,98	15.229,29	0,74	55.365,39	0,74
<b>Pontevedra</b>	1.879	15,10	231.424,03	11,20	841.227,75	11,20
<b>Galicia</b>	12.442	100,00	2.065.773,85	100,00	7.509.442,88	100,00

Pagóuselles un total de 7.509.442,88 euros a 12.442 produtores de Galicia, cunha media de 603,56 euros por explotación.

Este importe corresponde a unha axuda unitaria de 3,826 euros por tonelada de cota dispoñible establecida polo FEGA, de acordo co indicado no punto 4.3.2.2. En concepto de modulación descontóuselles a todos os produtores un 5 % do importe total do pagamento adicional lácteo, e antes do 30 de setembro de 2009, os produtores percibirán un pagamento adicional de modulación de até o 5% dos primeiros 5.000 euros dos pagamentos directos totais, incluída o pago adicional lácteo.

No mapa nº 9 reflíctese a distribución dos pagamentos adicionais no sector lácteo por concellos, podendo observar que en 22 concellos os pagamentos superan os 100.000 euros mentres en 134 concellos non se reciben pagamentos por este concepto.



Mapa 9  
Distribución por concellos dos pagamentos adicionais no sector lácteo. Pagamentos realizados polo FOGGA do 01.01.2008 ao 31.12.2008

> **Evolución do pagamento adicional lácteo no período 2006-2008**

Nos cadros 4-52 e 4-53 e no gráfico 4-12 indícase a evolución do número de solicitantes, cota solicitada, cota primada e importes de axuda entre as dúas campañas.

No período de dous anos existe unha diminución de solicitantes de 1.829, equivalentes ao 11,86 %, por abandono da produción láctea, aínda que a cota solicitada incrementouse en 20.811 toneladas (0,98 %) como consecuencia de programas de reasignación de cota.

Os pagamentos indicados e correspondentes a 2008, 7.509.422,88 euros, corresponden aos realizados até decembro que supoñen o 98,4% do total dos efectuados para a campaña 2007 e o 103,34 % dos realizados até decembro de 2008 para a dita campaña.


Cadro 4.53  
Pagamentos adicionais no sector lácteo. Evolución anual de solicitudes e cota solicitada e primada. Galicia 2006-2007

Campaña	Solicitantes	Cota dispoñible (Tn)	Cota primada (Tn)	Prima/dispoñible (%)
2006	15.417	2.127.599	2.096.763	98,60
2007	14.149	2.203.876	2.144.270	97,30
2008	13.588	2.148.410	2.065.774	96,20

Cadro 4.54  
Pagamentos adicionais no sector lácteo. Evolución anual de solicitudes e axudas pagadas. Galicia 2006-2007

Campaña	Solicitantes	Importe das primas (€)	Toneladas/solicitante	Euros/solicitante
2006	15.273	7.649.563,10	136,80	500,86
2007	13.919	7.632.081,55	150,50	548,32
2008	12.442	7.509.442,88	166,00	603,56

Gráfico 4.12  
Pagamentos adicionais no sector lácteo. Evolución anual de solicitudes e axudas pagadas. Galicia 2006-2008



#### 4.3.3.3. Axudas á utilización de leite nos centros escolares

Xestionouse esta axuda no marco da Resolución do Fondo Galego de Garantía Agraria do 20 de decembro de 2007 pola que se regula o procedemento para a concesión das axudas para a subministración aos alumnos de centros escolares de leite e determinados produtos lácteos e se convocan para o ano 2008.

Os produtos subministrados foron, principalmente, leite e queixos e en menor proporción iogures, segundo se indica no seguinte.

Produtos	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
<b>Leite</b>	295.940,83	100.360,31	131.319,91	206.570,30	734.191,35
<b>Iogures</b>	4.887,00	1.584,50	1.661,00	9.581,25	17.713,75
<b>Queixos</b>	85.780,50	39.344,31	54.470,58	102.078,22	281.673,61
<b>Total</b>	386.608,33	141.289,12	187.451,49	318.229,77	1.033.578,71

Cadro 4.55  
Cantidades de produtos distribuídos a centros escolares (Quilos) Período 1 de setembro de 2007 a 31 de agosto de 2008

A maior participación no programa corresponde á provincia de A Coruña, tanto en centros como alumnos que reciben produtos lácteos, segundo se indica no cadro seguinte.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
<b>Nº centros escolares</b>	165	95	108	140	508
<b>Nº alumnos</b>	34.532	12.586	13.235	24.065	84.418

Cadro 4.56  
Centros escolares e alumnos participantes no programa de leite escolar. Período 1 de setembro de 2007 a 31 de agosto de 2008

Provincia	Nº expedientes	Toneladas	Euros
<b>A Coruña</b>	43	386,608	69.431,06
<b>Lugo</b>	35	141,289	25.603,07
<b>Ourense</b>	52	187,451	33.358,47
<b>Pontevedra</b>	44	318,230	57.008,48
<b>Galicia</b>	174	1.033,578	185.401,08

Cadro 4.57  
Distribución provincial das axudas á utilización de leite e produtos lácteos en centros escolares. Período 1 de setembro de 2007 a 31 de agosto de 2008

No cadro anterior indícase a distribución de axudas por provincias. No ano 2008 subministráronse 1.033,578 toneladas de produtos e a axuda pagada foi de 185.401,08 euros.

En relación co ano anterior a axuda total pagada, diminuíu nun 3,69% e o consumo de produtos diminuíu nun 4,93%.

#### 4.3.3.4. Axuda ao almacenamento privado de manteiga

Entre o 1 de marzo e o 15 de agosto, tres empresas solicitaron axudas polo almacenamento de 1.408 toneladas de manteiga. Delas pagaróñse no ano 2008 un total de 946 toneladas por un importe total de 109.303,39 euros.

Nos gráficos seguintes indícanse tanto as solicitudes recibidas e cantidades de manteiga a almacenar, segundo o mes da solicitude, como as entradas e saídas de produto en cada mes do ano 2008. A finais de decembro de 2008 as existencias de manteiga en réxime de almacenamento provado era de 330 toneladas.

Gráfico 4.13  
Pagamentos adicionais no sector lácteo. Evolución anual de solicitudes e cota solicitada e primada. Galicia 2006-2007





Gráfico 4.14  
Almacenamento privado de manteiga. Campaña 2008-2009. Evolución de existencias en 2008



#### 4.3.3.5. Intervención de produtos lácteos

A evolución dos prezos do mercado no sector lácteo no ano 2008 non fixo necesaria a realización de compras de intervención para o caso da manteiga nin para o leite en pó.



## **4.4. PORCINO**

### **4.4.1. MARCO COMUNITARIO PARA O SECTOR**

Coa entrada en vigor do Regulamento (CE) nº 1234/2007 do Consello, de 22 de outubro de 2007 polo que se crea unha organización en común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM), e da aplicación ao sector porcino a partir do 1 de xullo de 2008, se determina que a carne de cerdo poderá ser obxecto de intervención en determinadas condicións, tamén de axuda facultativa para almacenamento privado, ou mesmo de medidas especiais de intervención mediante apoio ao mercado por restricións no comercio derivadas da aplicación de medidas para loitar contra a propagación de enfermidades ou por perda da confianza dos consumidores por riscos para a saúde pública ou a sanidade animal.

Debido á situación dos prezos do mercado no sector da carne de porcino no ano 2007, a Comisión aprobou a concesión dunha axuda ao almacenamento privado de carne de porcino polo sistema de axuda fixada a tanto alzado por anticipado.

### **4.4.2. RESUMO DAS NORMAS APLICABLES**

A normativa básica neste sector establécese en catro regulamentos:

- Regulamento (CEE) nº 2763/75 do Consello, do 29 de outubro de 1975, polo que se establecen as normas xerais para a concesión de axudas ao almacenamento privado no sector da carne de porcino, derogado polo Regulamento 1234/2007.
- Regulamento (CEE) nº 3444/90 da Comisión, do 27 de novembro de 1990, polo que se establecen disposicións de aplicación para a concesión de axudas ao almacenamento privado de carne de porcino.
- Regulamento (CE) nº 1267/2007 da Comisión, do 26 de outubro de 2007 relativo ás condicións específicas para a concesión de axudas ao almacenamento privado no sector da carne de porcino.
- Regulamento (CE) nº 1391/2007 da Comisión, do 27 de novembro de 2007 polo que se establecen disposicións específicas de aplicación do Regulamento (CE) nº 1267/2007 no sector da carne de porcino.

#### **4.4.3. RESULTADOS DA XESTIÓN DAS AXUDAS**

Entre os meses de novembro e decembro de 2007 un total de catro empresas solicitaron axudas polo almacenamento de 511,061 toneladas de carne de porcino. O almacenamento durou ate agosto de 2008 e o importe das axudas pagadas ascendeu a 203.278,62 euros.



# XESTIÓN DO SISTEMA DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA DE PARCELAS AGRÍCOLAS (SIXPAC)

## 5.1. OBXECTO DO SIXPAC

O sistema integrado de xestión e control de axudas directas a explotacións da política agraria común estivo composto, dende o seu establecemento en 1993, entre outros elementos, polas solicitudes de axuda e por un sistema alfanumérico de identificación de parcelas, o que permitía a realización de controis administrativos e sobre o terreo.

No caso do Estado, o sistema de identificación de parcelas correspondía até o ano 2004 ás referencias catastrais en todo o territorio, pero no ano 2005, por obriga regulamentaria na UE, introduciuse un novo sistema gráfico dixital de identificación de parcelas agrícolas que utiliza técnicas de información xeográfica. En España este novo sistema utiliza ortofotoimaxes aéreas e denomínase Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC).

O SIXPAC regúlase polo Real Decreto 2128/2004, do 29 de outubro, que establece que as comunidades autónomas son as responsables da explotación e mantemento do SIXPAC no seu territorio e que crea a “mesa de coordinación do SIXPAC”, na que cada comunidade autónoma integrada ten un representante. Esta mesa coordina a explotación e mantemento do SIXPAC e, entre outras funcións adicionais, acorda a información que estará vixente en cada campaña para a declaración e o control das axudas baseadas en superficies.

Nunha orde da entón Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural (hoxe Consellería do Medio Rural), do 24 de xaneiro de 2005, que regulaba determinadas axudas da PAC nese ano e estableceu ademais o SIXPAC en Galicia, indícase no seu artigo 11 que esa Consellería, a través do Fogga, é a responsable da explotación e mantemento do SIXPAC en Galicia.

## 5.2. XESTIÓN NO ANO 2008

### 5.2.1. ACTUACIÓNS PARA O MANTEMENTO DO SIXPAC

Os usos dos recintos no SIXPAC pretenden reflectir a realidade do terreo en cada momento nas parcelas obxecto de declaración na PAC, polo que as alteracións dos usos que se produzan nesas parcelas deben ser comunicadas polos

agricultores á Administración mediante as correspondentes “solicitudes de actualización” do SIXPAC, e tamén poden presentar “alegacións” para que se corrixan posibles erros que eles detecten na asignación inicial dos usos. Os agricultores presentan estas “solicitudes de modificación” (alegacións ou solicitudes de actualización) na Oficina Agraria Comarcal á que pertence a súa explotación e posteriormente son estudadas e resoltas polo Fogga.

Por outro lado, e con independencia das solicitudes de modificación presentadas, as inspeccións sobre o terreo realizadas polo Fogga sobre as parcelas declaradas nas solicitudes de axudas da PAC son tamén fonte de actualización do SIXPAC, cando se detecta no campo que o uso asignado non se corresponde coa realidade.

Nos cadros seguintes reflíctense datos relativos aos traballos de mantemento mencionados:

Provincia	Solicitudes		Tipo de modificación (*)				
	Expedientes	Recintos	Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipo 4	Tipo 5
<b>A Coruña</b>	480	1.069	872	0	130	0	67
<b>Lugo</b>	1.110	3.398	2.962	3	412	0	21
<b>Ourense</b>	201	988	862	0	124	0	2
<b>Pontevedra</b>	261	1.246	1.053	0	153	0	40
<b>Galicia</b>	2.052	6.701	5.749	3	819	0	130

Cadro 5.1  
Solicitudes de modificación do SIXPAC tramitadas. Campaña 2008

(\*) Descrición dos tipos de modificación:

Tipo 1: Cambio de uso nun recinto completo.

Tipo 2: Cambio de sistema de explotación (secaño/regadío) nun recinto completo.

Tipo 3: Partición dun recinto para cambiar o uso en parte del.

Tipo 4: Partición dun recinto para cambiar o sistema de explotación (secaño/regadío) en parte del.

Tipo 5: Existencia de parcela situada en zona urbana que ten un uso agrícola.

Uso anterior	Uso proposto											Total
	TA	PS	PR	PA	VI	OV	FO	FY	TH	IV	VF	
<b>Viais (CA)</b>	29	-	1	-	-	-	-	1	-	-	-	31
<b>Forestal (FO)</b>	796	149	412	850	191	2	-	73	4	-	1	2.478
<b>Froiteira (FY)</b>	30	3	1	29	-	-	3	-	-	-	-	66
<b>Improdutivo (IM)</b>	26	1	-	1	50	2	-	2	1	1	-	84
<b>Pasto con arboredo (PA)</b>	46	14	7	-	8	-	2	10	-	-	-	87
<b>Pasto arbustivo (PR)</b>	1.792	410	7	48	269	4	36	20	19	-	1	2.606
<b>Pasteiro (PS)</b>	9	1	86	100	11	-	41	6	1	-	-	255
<b>Terra arable (TA)</b>	1	1	114	22	118	-	53	17	1	-	-	327
<b>Horta (TH)</b>	-	-	-	-	-	-	-	2	-	-	-	2
<b>Viñedo (VI)</b>	37	6	-	-	-	-	-	-	-	-	-	43
<b>Zona urbana (ZU)</b>	110	2	2	-	3	-	-	-	1	8	-	126
<b>Total</b>	2.876	587	630	1.050	650	8	135	131	27	9	2	6.105

Cadro 5.2  
Cambios de uso en recintos SIXPAC tramitados. Campaña 2008

Cadro 5.3  
Actualizacións do SIXPAC  
non solicitadas, baseadas en  
controis da xestión de axu-  
das. Campaña 2008

Provincia	Cambios realizados
<b>A Coruña</b>	615
<b>Lugo</b>	4.232
<b>Ourense</b>	373
<b>Pontevedra</b>	2.014
<b>Galicia</b>	7.234

En relación cos datos da campaña anterior, no 2008 produciuse un forte incremento no total de solicitudes de modificación do SIXPAC xestionadas (do 135,4% no que se refire a número de expedientes e do 175,8% no número de recintos afectados), dado que nesa campaña se puxo en marcha o contrato de explotación sustentable (CES) que prevé axudas agroambientais baseadas en superficies integrándose a súa solicitude na solicitude unificada da PAC

A integración no sistema das solicitudes aceptadas ou dos cambios determinados a partir dos controis das axudas realízase por edición directa do Fogga na base de datos central do SIXPAC do FEGA cando implican modificación da información gráfica ou, nos outros casos, mediante o envío ao FEGA de ficheiros de intercambio de información masiva e alfanumérica.

### 5.2.2. RENOVACIÓN DO SIXPAC

Ademais dos cambios puntuais mencionados con anterioridade existen actuacións periódicas de “renovación” do SIXPAC que determinan a actualización masiva dos recintos, normalmente en concellos completos.

A Comisión Europea recomenda que se actualice cada 5 anos a cobertura de ortoimaxes correspondentes ao sistema de información xeográfica para a identificación das parcelas agrícolas no sistema integrado de xestión e control.


O xa mencionado Real Decreto 2128/2004 establece que a “mesa de coordinación” acordará a forma e condicións da actualización do SIXPAC e aprobará o plan de renovación do sistema, incluíndo a actualización de ortofotos, modificacións parcelarias (debidadas por exemplo a renovacións do Catastro, a concentración parcelaria ou á execución de obras civís de gran envergadura), capas temáticas de usos agrarios e tanta información deba ser obxecto de renovación periódica. O Real Decreto obriga tamén a coordinar a información coa do Catastro.

En definitiva, as dúas causas principais que determinan a renovación dun concello no SIXPAC son a integración dunha nova cobertura de ortofotos e os cambios relacionados co Catastro.

### 5.2.2.1. Renovación da ortofotografía aérea

As previsións de renovación da ortofoto no SIXPAC realízase tendo en conta a planificación de produción de ortofotos establecida polo Plan Nacional de Ortofotografía Aérea (PNOA), cuxa execución corresponde ao Instituto Xeográfico Nacional (IGN) conxuntamente coas Comunidades Autónomas.

Ao respecto compre indicar que durante o ano 2008 rematouse o proceso de elaboración de ortofotos da zona oriental de Galicia. Ditas ortofotos foron elaboradas a partir dos voos fotogramétricos efectuados nos anos 2006 e 2007 sobre unha superficie total de 14.091,48 Km2, que cubre 129 concellos das provincias de Lugo e Ourense coa excepción das áreas máis occidentais desas provincias, conforme se pode observar no mapa nº 10.



A incorporación ao SIXPAC destas novas ortofotos conleva que entre a fase de revisión e actualización de recintos identificados a partir do uso declarado polos agricultores e a de revisión de recintos de zonas do territorio con cambios significativos resultaron modificados un total de 64.923 recintos e de 41.168 parcelas cuxa distribución provincial se reflicte no cadro 5.4.

Cadro 5.4  
Datos de modificacións de uso SIXPAC debidas á revisión e actualización efectuadas a partir das ortofotografías renovadas no ano 2008.  
Resumo por provincias

Datos por provincia					Nº parcelas e recintos modificados	
Provincia	Número concellos	Número parcelas total	Número parcelas declaradas	Número recintos declarados	Número parcelas	Número recintos
Lugo	55	1.852.597	371.744	507.090	24.486	38.757
Ourense	74	2.747.355	189.702	252.204	16.682	26.166
<b>Total Galicia</b>	<b>129</b>	<b>4.599.952</b>	<b>561.446</b>	<b>759.294</b>	<b>41.168</b>	<b>64.923</b>

Datos porcentuais		Sobre declaradas			Sobre total parcelas	
Provincia	Número concellos	% parcelas revisadas	% parcelas modificadas	% recintos modificados	% parcelas revisadas	% parcelas modificadas
Lugo	55	100,00	6,59	7,64	20,07	1,32
Ourense	74	100,00	8,79	10,37	6,90	0,61
<b>Total Galicia</b>	<b>129</b>	<b>100,00</b>	<b>7,33</b>	<b>8,55</b>	<b>12,21</b>	<b>0,89</b>

### 5.2.2.2. Renovación da malla catastral

No inicio do ano 2008 integráronse no SIXPAC de Galicia os 12 concellos que se relacionan no cadro 5.5 que foron renovados por actualización, durante o ano 2007, da malla catastral. A información do SIXPAC correspondente a esta malla renovada xa foi utilizada nas declaracións da campaña 2008.

Cadro 5.5  
Concellos renovados por cambio da malla catastral e integrados no SIXPAC. Campaña 2008

Nome provincia	Código prov.	Código cat.	Código INE	Nome concello
A Coruña	15	7	7	A Baña
A Coruña	15	19	19	Carballo
A Coruña	15	22	22	Cedeira
A Coruña	15	41	40	Laxe
A Coruña	15	57	56	Negreira
A Coruña	15	62	61	Ortigueira
Ourense	32	2	1	Allariz
Ourense	32	25	24	Celanova
Ourense	32	69	68	Ramirás
Ourense	32	900	54	Ourense
Pontevedra	36	56	56	Valga
Pontevedra	36	900	38	Pontevedra



Respecto ás renovacións por variacións de Catastro, na actualidade é preciso distinguir dous tipos de traballos: as “renovacións por cambio de documentación catastral” e a “converxencia entre SIXPAC e Catastro”. O primeiro tipo de traballo é necesario cando o parcelario catastral utilizado na constitución do SIXPAC queda desactualizado por renovación posterior do propio Catastro, mentras que a converxencia pretende que no futuro desaparezan dous tipos de diferenzas na malla parcelaria que son independentes da primeira causa: as distorsións debidas á utilización de distintas ortofotos nun e noutro sistema e o retraso na incorporación ao SIXPAC de cambios puntuais debidos ao mantemento diario do catastro.

Durante o ano 2008 continuouse cos traballos de converxencia entre o SIXPAC e o Catastro que a finais dese ano afectaban en Galicia a un total de 138 concellos nos que en 43 (cadro 5-6) finalizaron os traballos de actualización da malla catastral e en 95 (cadro 5-7) continuaron realizándose traballos de actualización da malla catastral.

Procedemento de actualización	Provincia					Total Galicia
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		
<b>Estudo piloto</b>	21	0	0	0		21
<b>Converxencia</b>	0	15	0	0		15
<b>Renovación catastral</b>	0	0	2	5		7
<b>Total por provincia</b>	21	15	2	5		43

Cadro 5.6  
Concellos nos que rematou a fase de actualización da malla catastral no SIXPAC na campaña 2008

Procedemento de actualización	Provincia					Total Galicia
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		
<b>Estudo piloto</b>	0	0	0	0		0
<b>Converxencia</b>	20	11	39	22		92
<b>Renovación catastral</b>	0	0	0	3		3
<b>Total por provincia</b>	20	11	39	25		95

Cadro 5.7  
Concellos en fase de actualización da malla catastral no SIXPAC na campaña 2008

### 5.2.3. OUTRAS ACTUACIÓNS EN RELACIÓ N CO SIXPAC

Durante o ano 2008 continuaron os traballos de actualización do Uso VI (viñedo) no SIXPAC, tendo en conta a información do Rexistro Vitícola e outra información complementaria actualizada, a nivel de todo o Estado e se iniciou na Comunidade Autónoma de Galicia o Estudo Piloto para a actualización do dito Uso VI no SIXPAC galego. A tal fin foron seleccionados os concellos de Monterrei na provincia de Ourense e Pantón, na Provincia de Lugo, estando actualmente pendente de recepción os resultados correspondentes ao estudo da información deses concellos.

Finalmente, de acordo coas normas establecidas para ese efecto pola Mesa de coordinación do SIXPAC, o Fogga trami-tou as solicitudes de cesión de ortofotos SIXPAC presentadas na Comunidade Autónoma de Galicia durante este ano, que se resumen no cadro seguinte.

Cadro 5.8  
 Autorizacións de cesión de  
 ortofotos SIXPAC a organis-  
 mos da Administración. Ano  
 2008

<b>Organismos</b>	<b>Número</b>
<b>Administración autonómica</b>	10
<b>Administración Xeral do Estado</b>	1
<b>Administración local</b>	18
<b>Universidade</b>	7
<b>Outros</b>	5
<b>Total</b>	41

As demandas recibidas no Fogga das ortofotos e outros datos SIXPAC, así como o uso que se está facendo do visor en Internet por parte de todo tipo de usuarios, evidencian que a transcendencia do SIXPAC supera o ámbito da xestión das axudas da PAC.